



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1956/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de OUTUBRO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día tres de outubro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(745).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión do 26 de setembro de 2025 (por erro figura outubro na orde do día). Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(746).- RESOLUCIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E E SECUNDARIA: CURSO 2025-2026. EXPTE. 277291/301.

Visto o informe de fiscalización do 30/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/09/2025, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de

Área, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tramitouse polo Servizo de Benestar Social o expediente de bases e convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència (avaliación individualizada), das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo (Curso 2025-2026). Foron aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14.02.2025 (BOP nº 42, do 03.03.2025).

I.2. Na parte dispositiva dese acordo recóllese:

A) A aprobación das Bases e a convocatoria desas axudas municipais.

B) O compromiso de gasto por importe de 135.000 € para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, que serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

C) O compromiso de gasto de 1.292.700,00€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2025/2026. Desta cantidade, 461.800€ imputaranse ó exercicio de 2025 e o resto, 830.900€, ó exercicio de 2026. A contía do ano 2026 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

Os créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 450.000 €.

I.3. Conforme co disposto nas Bases, realizouse a valoración individualizada de todas as solicitudes presentadas e a “Comisión de Valoración” designada para o efecto (Base 11ª) redactou o correspondente informe no que se concreta o resultado da avaliación (Acta do 16.09.2025). Desa valoración resulta que:

A) 1.070 alumnas/os solicitantes de axudas de libros e material escolar reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os e cumpren os requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

O custo total das axudas de libros ascende a 107.000 € (= 1.070 x 100€). Este gasto financiarase con cargo ó RC 12025000013876 (135.000,00€) .



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1956/1102

B) 3.509 alumnas/os reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os das axudas municipais de comedor, de acordo coa Base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

O primeiro pagamento das axudas municipais de comedor (setembro-décembro 2025), ata unha porcentaxe máxima do 50% do importe, correspondente á resolución de cada centro educativo aprobada pola XGL, pagaríase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

O custo do total das bolsas de comedor para o Curso 2025-2026 das/os 3.509 alumnas/os que cumpren os requisitos ascende a 1.494.834 €.

O gasto do exercicio de 2025 será de 747.417 € e aboarase con cargo ós RC 12025000013881 (461.800€) e RC 12025000003076 (85.617€), á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (200.000€). Polo tanto, o primeiro pagamento (setembro-décembro 2025), equivalente ó 50% do total a adxudicar, é de 747.417 €.

Existe crédito para facer fronte a ese gasto de 747.417 € para axudas de comedor 2026 (xaneiro-xuño 2026) con cargo á referida aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 12025000013886 (830.900€).

I.4. Da información que obra en poder deste Servizo despréndese que todas/os beneficiarias/os destas axudas cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, segundo a Base 6ª da convocatoria.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar o gasto de 1.601.834 € (107.000€ de libros e material escolar e 1.494.834€ de axudas de comedor), distribuído por anualidades: 854.417 € no exercicio de 2025 e 747.417 € no de 2026.

SEGUNDO: Axudas municipais de libros e material escolar, Curso 2025-2026:

2.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.070 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O correspondente gasto (107.000€) financiarase con cargo ó RC 12025000013876(135.000,00€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente nº 287423/301 e remata co nº 280912/301.

2.2. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 1.956 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na Base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse tamén no Anexo I, que comeza co expediente nº 282427/301 e remata co nº 283374/301, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

TERCEIRO: Axudas municipais escolares de comedor, Curso 2025-2026:

3.1. CONCEDER as axudas municipais de comedor ás/ós 3.509 alumnas/os que reúnen os requisitos esixidos e que se pagarán, no exercicio de 2025, con cargo ós RC 12025000013881 (461.800€), RC 12025000003076 (85.617€), á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (200.000€).

O gasto de 747.417 € para axudas de comedor no ano 2026 (xaneiro-xuño 2026) irá con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 12025000013886 (830.900€) .

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II (comedor), que comeza co expediente nº 280293/301 e remata co nº 280748/301.

3.2. DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 2.042 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente nº 282427/301 e remata co nº 283374/301, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

CUARTO: INADMITIR, por extemporáneas, as 94 solicitudes presentadas fóra de prazo e que figuran relacionadas no Anexo III, que comenza co nº de documento 250078136 e remata co nº 250227052.

QUINTO: Para o caso de que durante o Curso escolar 2025-2026 se producise unha situación extraordinaria que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (-“Becas, libros, comedor”).

SEXTO: Publicar este acordo e a documentación complementaria da resolución desta convocatoria de axudas (Anexo IV) no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa sobre estas axudas á Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante a presentación do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1956/1102

MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), identificándoas coa clave “L” e a subclave 22.

SÉPTIMO: Este acordo pon fin á via administrativa e contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á súa publicación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(747).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR, NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DE ACCESO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E A ROTONDA DE CONFLUENCIA COA RÚA RAMIRO PASCUAL”. EXPTE. 2258/441.

Visto o informe de fiscalización do 25/09/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 25/09/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “humanización da estrada Clara Campoamor, no tramo comprendido entre a rotonda de acceso ao hospital Álvaro Cunqueiro e a rotonda de confluencia coa rúa Ramiro Pascual” (2258-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “humanización da estrada Clara Campoamor, no tramo comprendido entre a rotonda de acceso ao hospital Álvaro Cunqueiro e a rotonda de confluencia coa rúa Ramiro Pascual” (2258-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR, NO TRAMO COMPRENDIDO ENTRE A ROTONDA DE ACCESO AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E A ROTONDA DE CONFLUENCIA COA RÚA RAMIRO PASCUAL”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Roberto José Aya Vidal.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación o día 31.03.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS TRINTA E DOUS MIL CINCOCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.232.534,85 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.02 – proxecto de gasto 25153210 (BEIRARRÚAS CLARA CAMPOAMOR), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	1.232.534,85 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 12 de setembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para consideralas como tales consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial o 29 de agosto de 2025.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “humanización da estrada Clara Campoamor, no tramo comprendido entre a rotonda de acceso ao hospital Álvaro Cunqueiro e a rotonda de confluencia coa rúa Ramiro Pascual” (2.258-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	92,68
2	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL	91,33
3	AVAN INTEGRAL, SL	89,60
4	NAROM, SL	87,83



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1956/1102

	Licitador	Puntuación total
5	ORECO BALGON, SA	85,80
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	83,75

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, o día 15 de setembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 18 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social, o poder de representación, a clasificación da mercantil e os certificados positivos de débedas coa AEAT, TXSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo G, subgrupo 6, categoría 2 e Grupo E, subgrupo 1, categoría 1) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 6, categoría 5 e Grupo E, subgrupo 1, categoría 5.
- Seguro de caución por un importe de 45.838,07 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 25 de setembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 8 de agosto e 3 de setembro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión de CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (COVSA) acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 12 de setembro de 2025, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 29 de agosto de 2025

Segundo.- Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de “humanización da estrada Clara Campoamor, no tramo comprendido entre a rotonda de acceso ao hospital Álvaro Cunqueiro e a rotonda de confluencia coa rúa Ramiro Pascual” por un prezo total do contrato de 1.109.281,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 192.519,91 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1956/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(748).- DAR CONTA DA FUSIÓN POR ABSORCIÓN DE IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. POR AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL, S.L. EXPTE. 1533/2202.

Sométese a aprobación a proposta de data 30/09/2025, asinada pola xefa do Servizo de Contratación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 11 de maio de 2023 adxudicou a a IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, SL (B-27.222.827) o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202).

O contrato formalizouse o 28 de agosto de 2023 comezando a prestación o 1 de setembro. Están previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Segundo.- Con data de entrada 21 de agosto de 2025 no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento nº 250224820) a empresa IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, SL comunica a súa integración por fusión en AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL, SLU. Acompaña a este escrito a seguinte documentación:

1. CIF de AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL, SLU
2. Certificado de conta bancaria
3. Escritura nº 3.759, outorgada perante o notario de Valencia D. Luis Calabuig de Leyva, de elevación a público de decisións sociais referentes á fusión por absorción de «AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL, SL» (unipersoal), como

sociedade absorbente, e «IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, SL» (unipersoal), como sociedade absorbida de data 22 de maio de 2025.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 98.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece que *“Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo”*.

Segundo.- A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da fusión por absorción de AVANTA PREVENCIÓN INTEGRAL, SLU (sociedade absorbente) e IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, SL (sociedade absorbida) quedando primeira delas subrogada en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local de data 11 de maio de 2023.

Segundo.- Comunicar este acordo ao servizo xestor, á Intervención Municipal e á Tesourería Municipal”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(749).- CORRECCIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE ADHESIÓN AO ACORDO MARCO DE SUBMINISTRO DE GAS NATURAL DA FEMP (LOTE 1). EXPTE. 2383/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/09/2025, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1956/1102

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de setembro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo, mediante adhesión ao acordo marco de subministro de gas natural da FEMP (Lote 1).

Segundo.- Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o contrato de subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo relacionadas a continuación baseado no acordo marco de subministro de gas natural da FEMP (Lote 1):

SUBMINISTRO	CUPS
CENTROS DOCENTES E GARDERÍAS:	
E.I.M. CASIANO MARTÍNEZ	ES0224050035769588EJ
E.I.M. TOMÁS ALONSO	ES0224050035769648WG
C.E.I.P. DOCTOR FLEMING	ES0224050023110106TF
C.E.I.P. ILLAS CÍES	ES0224050031106254JK
C.E.I.P. PINTOR LAXEIRO	ES0224050041356725SJ
C.E.I.P. CANIDO- RÍA DE VIGO	ES0224050030970403HP
C.E.I.P. A PAZ- TINTUREIRA	ES0224050025580170FD
C.E.I.P. VIRXE DO ROCÍO	ES0224050038686727DQ
C.E.I.P. ALTAMAR	ES0224050029815541SE
E.I.M. CAMIÑO ARIEIRO BEMBRIVE	ES0224050000756673EK
DEPENDENCIAS MUNICIPAIS:	
CASA DO CONCELLO	ES0224050012706123VM
LABORATORIO	ES0224050026610391HZ
PAZO DE CONGRESOS/AUDITORIO MAR DE VIGO:	
PAZO DE CONGRESOS/AUDITORIO MAR DE VIGO	ES0224050034556977QP
PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS- SANTA CRISTINA:	
PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS- SANTA CRISTINA	ES0224050000236441JA

Terceiro.- O importe máximo do contrato é de 171.265,63 euros, segundo consta na memoria económica do servizo xestor, e segundo o prezos ofertados €/kWh para cada tarifa na oferta de GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

Cuarto.- O contrato baseado terá unha duración de 1 ano iniciándose o día 30 de setembro de 2025. Contémplase unha prórroga de ata 12 meses de duración.

Quinto.- Autorizar e comprometer o gasto por un importe de 171.265,63 euros que se imputará ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento do Concello de Vigo e distribuídas de acordo coas seguintes anualidades:

	PARTIDA	30 SET. 2025 A 31 DEC. 2025	1 XAN. 2026 A 29 SET 2026	TOTAL EUROS 1 ANO
GRUPO I: CENTROS DOCENTES E ESCOLAS INFANTIS	3230-2210200	7.938,46 €	32.089,38 €	40.027,84 €
GRUPO II:DEPENDENCIAS MUNICIPAIS	9200-2210200	7.729,18 €	31.260,02 €	38.989,20 €
GRUPO III: PAZO DE CONGRESOS/AUDITORIO MAR DE VIGO		17.371,08 €	70.884,61 €	88.255,69 €
GRUPO IV: PARQUE CENTRAL SERVIZOS STA. CRISTINA	9202-2210200	787,73 €	3.205,18 €	3.992,90 €
		33.826,45 €	137.439,18 €	171.265,63 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1956/1102

Sexto.- Nomear responsables do contrato baseado á enxeñeira industrial e á enxeñeira técnica industrial do Servizo de Electromecánicos.

Sétimo.- Notificar este acordo aos interesados mediante enderezo electrónico habilitado ou mediante comparecencia electrónica, conforme ao establecido na disposición adicional 15ª LCSP, e a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

Oitavo.- Publicar este acordo no perfil de contratante (artigo 154.4 da LCSP) e remitir anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no prazo de 30 días desde a súa publicación (artigo 220.2 da LCSP)".

Segundo.- Tras a notificación e publicación do citado acordo detéctase un erro no punto sexto referido ao nomeamento dos responsables do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos

No caso que nos ocupa detectouse un erro no punto sexto do acordo de aprobación do expediente de contratación e adxudicación de data 5 de setembro de 2025 derivado da proposta do día 3.

En efecto, se ben na memoria xustificativa de data 8 de agosto de 2025 se propoñía como responsables do contrato á *"Enxeñeira industrial e/ou Enxeñeira técnica industrial"*, o acordo de data 8 de setembro, de conformidade coa proposta do día 3, nomea como responsables do contrato á enxeñeira industrial e á enxeñeira técnica industrial do Servizo de Electromecánicos.

Claramente se trata dun erro material posto que o servizo xestor do expediente non é o Servizo de Electromecánicos senón a Área de Servizos Xerais.

Concorren, pois, as seguintes circunstancias establecidas polo Tribunal Supremo en múltiples sentencias (STS 18 de xuño de 2001 (recurso de casación núm. 2947/1993); STS de 5 de novembro de 2002 (recurso de casación núm. 2225/1998); STS 15 de decembro de 2003 (recurso de casación núm. 3804/2001), entre outras), "a) que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos; b) que o erro se aprecie atendendo exclusivamente aos datos do expediente administrativo no que se advirte; c) que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables; d) que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos; e) que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa

apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica); f) que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ha mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión."

En consecuencia, proceder corrixir os responsables do contrato nomeados no acordo do 5 de setembro.

Tras a corrección, a redacción será a que deseguido se indica:

"Sexto.- Nomear responsables do contrato baseado á enxeñeira industrial e á enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais".

-II-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

PROPOSTA DE ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Rectificar o punto sexto do acordo de aprobación do expediente de contratación e adxudicación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo, mediante adhesión ao acordo marco de subministro de gas natural da FEMP (Lote 1) de data 5 de setembro de 2025 que quedará redactado como segue:

"Sexto.- Nomear responsables do contrato baseado á enxeñeira industrial e á enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais".

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados.

Terceiro.- Publicar este acordo no perfil de contratante.

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1956/1102

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(750).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA PARTICIPACIÓN EN FASES DE ASCENSO AOS TRES PRIMEIROS NIVEIS DE COMPETICIÓN DE ÁMBITO NACIONAL EN CATEGORÍA ABSOLUTA. EXPTE. 24462/333.

Visto o informe xurídico de data 23/09/2025 e o informe de fiscalización do 25/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/09/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1- ANTECEDENTES:

1.1.- Vista a proposta do 17.07.25 (Modificada con data 15.09.25) da comisión de valoración (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro Delegado de Deportes, o Xefe de servizo-director deportivo do servizo de deportes, e o Técnico deportivo do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que importe destinado a estas subvencións distribuírase en orde de prelación, ata esgotar o crédito dispoñible, entre entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior, na que se detallan os criterios a puntuar para a concesión das subvencións, sobre un máximo de 47 puntos excluíndose aquelas subvencións que non alcancen unha puntuación mínima de 25, establecéndose do seguinte xeito:

2.- SOLICITUDES PRESENTADAS:

2.1.- A esta convocatoria presentáronse un total de 2 entidades, admitidas ao cumprir cos requisitos establecidos na base 5ª:

Da documentación avaliada pola comisión de valoración se desprende que as entidades admitidas, detalladas no anexo I, cumpren cos requisitos da convocatoria establecidos na base quinta:

- Participar en fases de ascenso a unha dos tres primeiros niveis de ámbito nacional en categoría absoluta.
- Ter sede social en Vigo.
- Ter personalidade xurídica propia.
- Carecer de ánimo de lucro.
- Estar integradas nunha federación deportiva.

2.2.- A comisión de valoración das solicitudes presentadas comprobou e acreditou ademais a vixencia e validez dos documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes.

2.3.- No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

En cumprimento do disposto na base 14^a das bases da convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola participación en fases de ascenso ós tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar as subvencións entre os clubs relacionados segundo consta no Anexo I, por un importe total de 15.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.19 do orzamento do 2025, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola participación en fases de ascenso ós tres primeiros niveis de competición de ámbito nacional en categoría absoluta.

Segundo.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCÍONS ACADADAS POLAS MESMAS NA “CONVOCATORIA SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA PARTICIPACIÓN EN FASES DE ASCENSO ÓS TRES PRIMEIROS NIVEIS DE COMPETICIÓN DE ÁMBITO NACIONAL EN CATEGORÍA ABSOLUTA

	ENTIDADE	MODALIDADE	CIF	EXPEDIENTE	EVENTO	LUGAR DE CELEBRACIÓN	IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN (2.3 da base 8ª)	CATEGORÍA Á QUE OPTA ASCENDER	ORZAMENTO GASTOS	IMPORTE SOLICITADO	%FINANCIAMUNICIPAL SOLICITADO	IMPORTE SUBVENCIÓN MÁX. 75% ORZAMENTO	IMPORTE FINAL CON LÍMITE BASE 8ª
1	CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S	FÚTBOL SALA	G36886422	24892-333	FASE ASCENSO A 1ª DIVISIÓN NACIONAL FEM. F. SALA	RIVAS-VACIAMADRID	5.000,00 €	1ª	7.964,24 €	6.164,24 €	77,40%	5.973,18 €	5.000,00 €
						CHILOECHES-GUADALAJARA							
2	CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL	BALONMÁN	G36948115	24901-333	FASE ESTATAL CTO 2ª DIVISIÓN MASCULINA BALONMÁN	VIGO	10.000,00 €	3ª	16.920,18 €	12.200,00 €	72,10%	12.690,14 €	10.000,00 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(751).- INTERPOSICIÓN DE RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA CONTRA RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CATASTRO DE 5 DE SETEMBRO DE 2025 DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN COA NON ALTERACIÓN DE DESCRICIÓN CATASTRAL. EXPTE. 3251/500.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/09/2025, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral e conformado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- En data 30 de xaneiro do 2025, o Concello de Vigo presentou ante Dirección Xeral de Catastro solicitude de regularización da titularidade da parcela catastral 1946919NG2724N0001HB, por ser propiedade do Concello de Vigo, ao ter adquirido os terreos esta administración municipal mediante compravenda no ano 1983, constar inscrita no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo e no Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, figurando o pleno dominio do Concello de Vigo da parcela rexistral nº 41329.

Acompañouse a dita solicitude:

- Escritura notarial de compravenda do data 2 de febreiro de 1983 (Protocolo 289- Sr. D. Joaquín Serrano Valverde), pola que o Concello de Vigo adquiriu as parcelas A7 (1618 metros cadrados), A12 (2.411 metros cadrados) e a Parcela AE-1 (7.604 metros cadrados). A citada escritura foi presentada no Rexistro da Propiedade, constando os correspondentes asentos rexistrais na mesma.
- Escritura notarial de agrupación e parcelación de 27 de abril de 1984 (Protocolo 812- Sr. D. José Luis Espinosa Anta), na que o Concello de Vigo agrupou as parcelas anteriores (A7, A12 e AE-1) nunha parcela de 13.048 metros e na mesma escritura, dividiu a parcela resultante nas parcelas A, B e C.

Nesta escritura recolleuse expresamente que na Parcela B, de 4.005 metros cadrados, “se ubicará el Palacio de Justicia”.

Esta escritura foi presentada perante o Rexistro da Propiedade e a finca B foi rexistrada co nº 41329 (inscrición 1ª, ao Tomo 1452, Libro 530, folio 93).

- Copia da ficha do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado polo Pleno Municipal o 4/5/1993 (propiedade n.º 476), relativa á parcela B, de 4005 metros cadrados para ubicación edificio xulgado.

Nota simple expedida polo Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, que establece o pleno dominio do Concello de Vigo da parcela rexistral nº 41329.

Segundo.- A anterior solicitude deu lugar á incoación do Procedemento de subsanación de discrepancias 17150.54/25.

Conferido trámite de audiencia a esta parte, en data 31/03/2025 formuláronse alegacións por parte desta administración municipal.

Terceiro.- En data 25/04/2025 foi notificado acordo da Xerencia do Catastro da mesma data polo que acorda *“la No Alteración manteniendo la situación vigente en la Base de Datos de Catastro”*.

Este acordo facía ofrecemento dos recursos procedentes: potestativo de reposición ou reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local do 16/05/2025 acordou a interposición de recurso de reposición contra dito acordo de non alteración da descrición catastral, que foi presentado o 23/05/2025.

Quinto.- En data 08/09/2025 foi notificada Resolución do 5 de setembro do 2025 da Xerencia do Catastro desestimatoria do anterior recurso de reposición, tramitado en expediente 00064536.54/25, contra a que cabe interpoñer no prazo dun mes reclamación económico-administrativa.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Previo.- A Resolución da Xerencia do Catastro do 05/09/2025 desestimatoria do recurso de reposición interposto contra o Acordo da Xerencia do Catastro do 25/04/2025 de *“No Alteración manteniendo la situación vigente en la Base de Datos de Catastro”*, reitera que concorre un conflito de natureza civil que excede das competencias do Catastro Inmobiliario.

Non obstante o anterior, existe normativa propiamente catastral de directa aplicación e existe incrición no Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, que establece o pleno dominio do Concello de Vigo da parcela rexistral nº 41329, o que sustenta a solicitude municipal de regularización da titularidade da parcela catastral en cuestión, polo que procede interpoñer reclamación económico-administrativa contra a Resolución recaída.

I.- Sobre a propiedade do Concello de Vigo da parcela catastral 1946919NG2724N0001HB.- O artigo 9.1 do Real Decreto 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (en adiante, TRLCI), delimita catro situacións que determinan a condición de titular catastral, por ostentar sobre a totalidade ou parte dun ben inmovible algún do dereito de propiedade (apartado a). No presente caso, existe unha falta de concordanza entre a titularidade catastral da parcela que consta no Catastro e a realidade xurídica e mesmo física da parcela.

O dereito de propiedade da parcela catastral con referencia 1946919NG2724N0001HB corresponde ao Concello de Vigo, por canto:

- i) O Concello de Vigo adquiriu os terreos por compravenda no ano 1983, documentándose en escritura pública do 2 de febreiro de 1983 (Protocolo 289- Sr. D. Joaquín Serrano Valverde), pola que o Concello de Vigo adquiriu as parcelas A7 (1618 metros cadrados), A12 (2.411 metros cadrados) e a Parcela AE-1 (7.604 metros cadrados).

Existe, pois, un título xurídico (compravenda) e un modo (traditio instrumental mediante escritura pública) que fan que a propiedade plena da parcela lle pertenza ao Concello de Vigo.

A citada escritura foi presentada no Rexistro da Propiedade, constando os correspondentes asentos rexistrais na mesma, polo que existe un título de dominio ou propiedade debidamente inscrito que, por unha banda, fai fe pública fronte a terceiros e, por outra, exclúe a boa fe de posibles terceiros que pretendan adquirir a propiedade. Adicionalmente, a citada inscrición rexistral xenera que a prescrición adquisitiva favoreza, en todo caso, ao titular rexistral.

- ii) O Concello de Vigo agrupou e parcelou, en escritura notarial do 27 de abril de 1984 (Protocolo 812- Sr. D. José Luis Espinosa Anta), as parcelas anteriores (A7, A12 e AE-1) nunha parcela de 13.048 metros e na mesma escritura, dividiu a parcela resultante nas parcelas A, B e C.

Nesta escritura recolleuse expresamente que na Parcela B, de 4.005 metros cadrados, “se ubicará el Palacio de Justicia”. Se estableceu, pois, un uso específico para a citada parcela ou, máis ben, unha condición para a súa utilización pero, aínda que sexa obvio recordalo, non concede dereito real ningún a terceiros e, polo tanto, se así fose debería cumprirse o artigo 13 da Lei Hipotecaria cando establece que “*Los derechos reales limitativos, los de garantía y, en general, cualquier carga o limitación del dominio o de los derechos reales, para que surtan efectos contra terceros, deberán constar en la inscripción de la finca o derecho sobre que recaigan*”.

- iii) Esta parcela consta inscrita no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado polo Pleno Municipal o 4/5/1993, como propiedade nº. 476 do Ep. I Inmóbles.

Existe, pois, un dato adicional de publicidade *erga omnes*, que dende 32 anos recolle inalterable como ben patrimonial do Concello de Vigo a citada parcela adquirida fai 42 anos.

- iv) Consta inscrición no Rexistro da Propiedade nº 3 de Vigo, figurando o pleno dominio do Concello de Vigo da parcela rexistral nº 41329.

É, pois, unha situación xurídica consolidada a titularidade do dereito de propiedade a favor do Concello de Vigo, sendo paradigmático que posteriores intentos de inscrición realizados por terceiros non foron aceptados polo Rexistro da Propiedade como consecuencia do que establece o artigo 5 da Lei Hipotecaria: “*Los títulos referentes al mero o simple hecho de poseer no serán inscribibles*”.



Concello de Vigo

Todos os anteriores extremos foron debidamente probados coa documentación oportuna remitida por esta parte coa solicitude de regularización da titularidade, sen que na resolución do recurso sexan tidos en conta.

II.- Non existe título que ampare a condición da actual propietaria do 100% da parcela catastral, toda vez que o Real Decreto 2166/1994, de 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza ao que alude a Resolución desestimatoria a recorrer, non pode amparar a descrición catastral existente nin a propiedade do 100% da parcela. Así, A Resolución desestimatoria do recurso de reposición non ten en conta esta realidade física nin ofrece motivación sobre este aspecto, polo que faise preciso elevar a cuestión controvertida para a súa análise na vía económico-administrativa.

Nesta parcela de propiedade municipal (tal como consta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos e no Rexistro da Propiedade), se construíu o edificio dos antigos xulgados, situado no nº 4 da rúa Lalín.

Pero a inscrición catastral non só inclúe esta construción (a edificación dos antigos xulgados con 18.843 metros cadrados construídos, segundo a consulta gráfica e descritiva de datos catastrais), senón que existe tamén superficie sen construción.

O Concello de Vigo non tramitou ningún procedemento de alleamento da parcela municipal a favor do Ministerio de Xustiza, nin que se adoptase ningún acordo ao respecto. Se así fose, debería existir acordo do Pleno da Corporación Municipal para proceder neste sentido.

Así pois, non se aprobou ningún título traslativo do dominio da parcela citada nin tampouco outro dereito real inscribible, ou mesmo un negocio xurídico-administrativo (concesión administrativa) sobre a mesma.

Á vista do exposto e probado cos documentos que se acompañaron, e tendo en conta o aforismo de que “ninguén pode transmitir o que non ten” (*nemo dat quod non habet*), dado que o Ministerio de Xustiza non tiña adquirido a propiedade da parcela de titularidade municipal, non puido transmitila á Comunidade Autónoma.

Non concorre no caso ningún dos modos de adquirir a propiedade que regula o Código Civil no seu artigo 609.

Este precepto inclúe entre este medios á Lei, pero no presente caso, o Real Decreto 2166/1994, de 4 de novembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, non ten rango de lei, senon que ten rango regulamentario. É dicir, non é unha norma aprobada polo Congreso senón unha norma aprobada polo Goberno para, en execución da Lei, atribuír funcións a outra Administración do Estado.

Ata o momento, o Rexistro da Propiedade non procedeu a inscribir ningún título aportado pola actual titular catastral.

III.- Prevalencia do Rexistro da Propiedade sobre o Catastro Inmobiliario.- Exposta e probada a inexistencia de título de propiedade da parcela catastral en favor da actual titular catastral, resulta de aplicación o disposto no artigo 3.4 do TRLCI, que establece a presunción de veracidade dos datos contidos no Catastro, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos prevalecerán.

No presente caso, ao día da data, o Concello de Vigo é o titular rexistral da parcela nº 41329 (na que se ubica o edificio dos antigos xulgados de Vigo), como titular da propiedade en pleno dominio, gozando da protección rexistral que dita inscrición lle outorga dende hai 42 anos e que, en aplicación do artigo 34 da Lei Hipotecaria protexe ao titular rexistral fronte a terceiros de boa ou mala fe.

O artigo 32 da Lei Hipotecaria establece que *“Los títulos de dominio o de otros derechos reales sobre bienes inmuebles, que no estén debidamente inscritos o anotados en el Registro de la Propiedad, no perjudican a tercero”*. Esa falta de inscrición no Rexistro da Propiedade da suposta propiedade dun terceiro non pode perxudicar ao titular rexistral, que non é outro que o Concello de Vigo.

Ademáis, o artigo 13 da Lei Hipotecaria establece que *“Los derechos reales limitativos, los de garantía y, en general, cualquier carga o limitación del dominio o de los derechos reales, para que surtan efectos contra terceros, deberán constar en la inscripción de la finca o derecho sobre que recaigan”*. Non existe, pois, nin un dereito de superficie nin un dereito real de usufructo.

A presunción iuris tantum do artigo 3.4 do TRLCI queda sen efecto, primeiro, porque os datos e a documentación que foron aportados poñen de manifesto a improcedencia da titularidade catastral actual e, despois, porque a propia Lei do Catastro establece a prevalencia do Rexistro da Propiedade.

Entedemos, dito cos debidos respectos e en aras do dereito de defensa desta parte que, por contra do que argumenta a resolución desestimatoria do recurso de reposición, non pode aplicarse o disposto no artigo 9.4 do TRLCI sen ter en conta o disposto no artigo 3.4 do TRLCI (prevalecendo os pronunciamentos do Rexistro da Propiedade, como ten establecido o TS na súa sentenza 516/2024, do 21 de marzo), ao non existir título traslativo de dominio posterior á inscrición rexistral da titularidade dominical do Concello de Vigo, porque o Real Decreto 2166/1994, de 4 de novembro non ten rango legal senón regulamentario, polo que non é un acto traslativo de dominio e porque, en ningún caso, abrangue a parte da parcela catastral distinta da construción que recolle este Real Decreto.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 127.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, a adopción do seguinte acordo:

Interpoñer reclamación económico-administrativa contra Resolución da Xerencia Territorial do Catastro de 5 de setembro do 2025, recaída no expediente 00064536.54/25, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra Acordo da Xerencia do Catastro do 25/04/2025 de *“No Alteración manteniendo la situación vigente en la Base de Datos de Catastro”*, polas razóns xurídicas expostas.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(752).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS SECTORIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2025. EXPTE. 21524/77.

Visto o informe fiscalización do 29/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/09/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 24 de xullo de 2025 aprobáronse as **“BASES E CONVOCATORIA DE “SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS SECTORIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO”**. EXPTE. 21524/77.

Ditas bases foron publicadas no BOPPO núm. 145, do 01 de agosto de 2025 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 150 de data 08/08/2025 así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á publicación do extracto no BOP (dende o 11/08/2024 ao 25/08/2024, ámbolos dous inclusive, da que resultou a presentación de tres (3) solicitudes:

N.º Expte.	NIF	Entidade	Data Rexistro
21695-77	F36608131	COOPERATIVA ARMADORES DE PESCA PUERTO DE VIGO S COOP GALEGA	19/08/25
21696-77	G36636819	ASOC.ESP. MAY .IMP, EXPORT. TRANSF.PDTOS PESCA , ACUIC-CONXEMAR	24/08/25
21697-77	G36614774	ASOCIACION DE INDUSTRIAS DEL METAL Y TECNOLOGÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (MINDTECH)	25/08/25

As bases da convocatoria de subvencións para o organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego, establecen un financiamento por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2024) de 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700003, denominada “Feiras industriais”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

Subvencionarase, no caso de que as entidades solicitantes que cumpran con todos os requisitos exixidos nas bases, cun máximo de 80.000,00€, os gastos subvencionables, nas

seguintes categorías de servizos directamente vinculadas coa organización e celebración da feira e/ou festival que fomenten o emprego:

- a) Montaxe e desmontaxe.
- b) Rotulación, sinalización, iluminación, megafonía, servizos audiovisuais.
- c) Servizo de azafatas, tradución simultánea, guías turísticos ou similares, vixilancia, seguridade e limpeza e medios persoais que permitan a participación no evento garantindo a accesibilidade universal.
- d) Plans de autoprotección e evacuación.

A quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (BOPPO nº 133, do 9 de xullo de 2024), con data 12/09/2025, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo primeira, apartado 4, cos seguintes membros:

Presidente: Ana María Mejías Sacaluga.

Vogal 1: Carla Candia Paz, que actúa como secretaria.

Vogal 2: Ana María Mouriz Martínez.

A Comisión de Valoración con data 17/09/2025, conforme á información que consta no seu poder, realizou a avaliación das solicitudes presentadas co resultado exposto na acta correspondente de valoración.

Conforme á documentación existente no servizo, procédese a revisar os expedientes coas seguintes conclusións:

1.- Preavaliación das solicitudes

Unha vez revisadas as solicitudes de subvención, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias, segundo o indicado na Base 11ª, decídese:

- ESTIMAR as tres solicitudes presentadas por: COOPERATIVA ARMADORES DE PESCA PUERTO DE VIGO S COOP GALEGA – ARVI (F36608131), ASOC.ESP. MAY .IMP, EXPORT. TRANSF.PDTOS PESCA , ACUIC-CONXEMAR (G36636819) e ASOCIACION DE INDUSTRIAS DEL METAL Y TECNOLOGÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (MINDTECH) (G36614774), xa que, conforme á documentación existente no servizo, despréndese que cumpren cos requisitos establecidos aos solicitantes nas bases da convocatoria para resultar beneficiarios da subvención.

2.- Avaliación das solicitudes.

En cada un dos expedientes das entidades solicitantes e admitidas ao proceso de baremación (expdtes. 21695-77, 21696-77 e 21697-77) achéganse as fichas individualizadas de baremación de cada unha delas, con todos os detalles e aclaracións que xustifican as devanditas puntuacións.

As puntuacións obtidas polas entidades admitidas no proceso de baremación nesta convocatoria de subvencións refléxanse na táboa exposta a continuación:



Concello de Vigo

	ARVI (SEAFEST) 21695-77	CONXEMAR 21696-77	MINDTECH 21697-77
ALCANCE (máximo 40 puntos)	4	40	20
Entidades Expositoras Internacionais (Fóra da Península Ibérica):	0	30	10
Máis de 150 entidades internacionais: 30 puntos		30	
De 100 a 150 entidades internacionais: 20 puntos			
De 75 a 99 entidades internacionais: 16 puntos			
De 50 a 74 entidades internacionais: 12 puntos			
De 25 a 49 entidades internacionais: 10 puntos			10
De 1 a 24 entidades internacionais: 8 puntos.			
Entidades Expositoras Peninsulares (España e Portugal):	4	10	10
• Máis de 150 entidades peninsulares: 10 puntos		10	10
• De 100 a 150 entidades peninsulares: 8 puntos			
• De 50 a 99 entidades peninsulares: 6 puntos			
• De 1 a 49 entidades peninsulares: 4 puntos	4		
Fomento do voluntariado no evento (máx. 5 puntos)	5	5	2
Medidas ou accións de inclusión para o fomento Da empregabilidade de persoas con discapacidade (máx. 5 puntos)	0	0	0
Experiencia e antigüidade impactando na economía da cidade	5	10	5
Máis de 10 edicións: 10 puntos		10	
Entre 7 e 9 edicións: 8 puntos			
Entre 4 e 6 edicións: 5 puntos	5		5
Entre 2 e 3 edicións: 3 puntos			
Primeira edición: 1 punto			
Número de asistentes previstos	0	30	10
Máis de 25.000 asistentes: 30 puntos	0	30	
Entre 20.000 y 25.000 asistentes: 25 puntos			
Entre 15.000 e 19.999 asistentes: 20 puntos			
Entre 10.000 e 14.999 asistentes: 15 puntos			
Entre 5.000 e 9.999 asistentes: 10 puntos			10
Entre 1.000 e 4.999 asistentes: 5 puntos			
Achega de recursos propios	5	5	5
Achega de máis do 30%: 5 puntos.	5	5	5
Achega entre o 21% e o 30%: 3 puntos.			
Achega entre o 10% e o 20%: 2 puntos.			
Impacto da feira ou festival na empregabilidade	15	15	15
Máis de 150 contratacións: 30 puntos			
Entre 125 e 150 contratacións: 20 puntos			
Entre 100 e 124 contratacións: 15 puntos	15	15	15
Entre 75 e 99 contratacións: 10 puntos			
Entre 50 e 74 contratacións: 6 puntos			
Entre 25 e 49 contratacións: 3 puntos			
TOTAL:	34	105	57

3.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.

A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades resulta como se indica na seguinte táboa:

	Puntos Baremación	Cantidade Solicitada	Cantidade Concedida 1ª volta	Incremento 2ª volta	Cantidade Concedida 2ª volta	Cantidade Concedida
ARVI	34	80.000,00 €	35.561,22 €	11.142,07 €	46.703,30 €	46.703,30 €
CONXEMAR	105	80.000,00 €	80.000,00 €	0,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €
MINDTECH	57	80.000,00 €	59.617,35 €	18.679,36 €	78.296,70 €	78.296,70 €
	196		175.178,57 €	29.821,43 €	205.000,00 €	205.000,00 €

Total puntos:	196
Total partida:	205.000,00 €
Valor do punto:	1.045,92 €

Diferencia a repartir 2ª volta	29.821,43 €
Total puntos a rep:	91
Valor punto 2ª volta:	327,71 €

Da contía total destinada a estas axudas (205.000,00 €), no primeiro reparto chega ao máximo subvencionable (e solicitado) CONXEMAR, polo que sobran 29.821,43€ para repartir, proporcionalmente aos seus puntos de baremación, entre ARVI e MINDTECH e que se resolve nunha segunda volta, quedando os resultados indicados na táboa amosada.

4.- Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 9ª da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

...”

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos do establecido na DÉCIMO PRIMEIRA das bases reguladoras do procedemento:

- As solicitudes avaliaranse en atención á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.



Concello de Vigo

O prazo de resolución e notificación será de **seis meses** contados a partir da publicación do extracto da convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

- O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou-no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A teor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23 da Lei de Subvencións de Galicia e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4700003 “Feiras industriais” do vixente exercicio orzamentario, pola contía total que se reflicte a seguir:

Nº expte.	Entidade	NIF	Importe Subvención Concedida
21695-77	COOPERATIVA ARMADORES DE PESCA PUERTO DE VIGO S COOP GALEGA	F36608131	46.703,30 €
21696-77	ASOC.ESP. MAY .IMP, EXPORT. TRANSF.- PDTOS PESCA , ACUIC-CONXEMAR	G3663681 9	80.000,00 €
21697-77	ASOCIACION DE INDUSTRIAS DEL METAL Y TECNOLOGÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (MINDTECH)	G3661477 4	78.296,70 €

SEGUNDO: PUBLICAR na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da LPAC e Base reguladora 12ª.8, con indicación expresa de que dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.



Concello de Vigo

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(753).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA AS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2025. EXPTE. 21477/77.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/07/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2025.

ANTECEDENTES

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 2/05/2025, aprobáronse as "Bases e Convocatoria de Subvencións para o fomento do emprego de entidade sen ánimo de lucro 2025 . Exdte. 21477/77".

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 85, do 7 de maio de 2025, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOP no seu número 88 de data 12 de maio de 2025, así como, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar

dende o seguinte á súa publicación no BOP (13/05/2025 ao 26/05/2025, da que resultou a presentación de sesenta (60 solicitudes).

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego establecen o financiamento da mesma por unha contía total para o vixente exercicio orzamentario (2025) de 1.390.000,00 € (un millón trescentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, distribuídos en cinco programas:

1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio orzamentario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

2.- Programas II: “Entidades sociais e asistenciais”: 440.000,00 € (catrocentos corenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio orzamentario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

3.- Programa III: “Organizacións sindicais”: 11.000,00 € (once mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio orzamentario.

4.- Programa IV: “Entidades empresariais”: 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio orzamentario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

5.- Programa V: “Comunidades de Montes”: 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio orzamentario.

6.- Programa VI: “Entidades deportivas”: 349.000,00 € (trescentos corenta e nove mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio orzamentario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.



Concello de Vigo

II. Con data 22/05/2025 ten entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo un escrito de solicitude (DOC. 250118540) asinado por don Uxío González Pérez, en calidade de presidente da Mancomunidade de Montes de Vigo, para:

Que se modifique a Base 3.2, apartados b) e c) de maneira que os custos salariais e de Seguridade Social do persoal contratado ou transformado en fixo ou fixo-descontinuo en 2023 e 2024, e que se manteña en vigor sen interrupción, poidan ser imputados ao 100% dos meses subvencionables.

Que se actualice a dotación orzamentaria do Programa V ata un mínimo de 200.000 euros, adaptándoa á realidade actual do mercado laboral e das obrigas legais.

Que, alternativamente, se valore a sinatura dun convenio específico entre o Concello de Vigo e a Mancomunidade de Montes que permita unha atención sostible e planificada do territorio e dos espazos comunais, cun enfoque anual e estruturado o que non cabe dúbida redundará en beneficio dos cidadáns de Vigo.

III. Con data 23/05/2025 ten entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o escrito de solicitude (DOC. 250119693) achegado por dona Estela Rodríguez Rodríguez, en calidade de presidenta da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva San Xurxo, para:

Que se modifique a Base 3.2, apartados b) e c) de maneira que os custos salariais e de Seguridade Social do persoal contratado ou transformado en fixo ou fixo-descontinuo en 2023 e 2024, e que se manteña en vigor sen interrupción, poidan ser imputados ao 100% dos meses subvencionables.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Interposición de recurso:

A natureza dos escritos atenden aos requisitos contemplados no artigo 115 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deducíndose o seu verdadeiro carácter, sen que o erro ou ausencia da calificación do recurso por parte das entidades recorrentes sexa obstáculo para a súa tramitación.

II. Acumulación:

A tenor do disposto no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), resulta procedente acumular os dous recursos de reposición interpostos contra as bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego 2025, por canto as alegacións gardan identidade substancial, sendo o mesmo o órgano que debe tramitar e resolver sendos procedementos.

Contra o acordo de acumulación non procederá recurso ningún.

III. Recurso de reposición:

Os recursos de reposición achegados reúnen os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixen os artigos 123 e 124 da LPAC, polo que cómpre admitilos a trámite e proceder á análise das alegacións achegadas.

IV. Alegacións:

As ditas entidades, en síntese, manifestan o seguinte:

- Que a entidade leva participando de forma continua neste programa desde o ano 2012, canalizando a contratación de persoal para a realización de actividades. E que, en virtude das modificacións normativas derivadas do Real Decreto-lei 32/2021, de medidas urxentes para a reforma laboral, o persoal contratado por esta Mancomunidad pasou a considerarse fixo ou fixo-descontinuo, alterando a estrutura laboral previa e obrigando á entidade a reconfigurar a súa operativa.
- Indican que as bases da convocatoria 2025 recollen na Base 3.2, apartados b) e c), que as subvencións para persoal contratado en 2023 e 2024 como fixo ou fixo-descontinuo soamente poderán imputar os seus custos ao 75% ou 50% respectivamente, mesmo cando os contratos continúen vixentes sen interrupción.
- Segundo manifesta, o anterior contradí os principios de non discriminación e igualdade e de trato recollido no art. 14 da Constitución Española, o de eficacia na xestión de recursos públicos (art. 8.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións) e o de proporcionalidade e adecuación real á capacidade das entidades (art. 5 e 14 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia). E que a situación actual obriga á entidade a reducir o cadro de persoal activo e asumir riscos financeiros non sostibles para unha entidade sen ánimo de lucro.
- A Mancomunidad de Montes afirma ademais, que a partida orzamentaria destinada ao Programa V (Comunidades de Montes) permanece inalterada en 145.000 euros dende hai varios exercicios, a pesar:
 - Da inflación acumulada (que supuxo unha perda de capacidade real superior ao 20%)
 - Da suba do SMI por riba do IPC (+19% no período 2021-2025)
 - Da obrigatoriedade legal de transformar contratos temporais en indefinidos.

V. Gastos subvencionables (BASE 3º.2):

Fronte ao afirmado polas entidades recorrentes, a base de referencia establece que:

- as modalidades de contratación subvencionadas nos apartados 3.2 con cargo a esta convocatoria son o **100%** dos gastos salariais e de Seguridade Social do persoal contratado imputado na convocatoria 2024;
- o suposto do **apartado b)** fai referencia ao persoal contratado na anualidade 2024 pero cuxos custes salariais e de seguridade social non fosen imputados por calquera motivo na convocatoria correspondente, é dicir, na do 2024, permitindo este suposto poder imputar a eses traballadores nesta convocatoria ao **75%**;
- o **apartado c)** contempla os supostos nos que se subvenciona o **50%** dos gastos salariais e de Seguridade Social do persoal contratado na convocatoria 2023.

Da redacción de sendos apartados b) e c) - que permanece inalterable na presente convocatoria - e contra a que agora se presentan alegacións, resultou beneficiaria a propia Mancomunidad de Montes na convocatoria precedente (2024), xa que acadou subvención imputando no suposto do apartado b) a un traballador contratado na convocatoria 2023 -

que por algún motivo non imputou naquela convocatoria onde sería subvencionado co 100%; e outro traballador ao suposto do apartado c).

VI. Contradición dos principios xerais e cuestións de legalidade:

Frónte ao alegado polas entidades recorrentes, non se aprecia a vulneración dos principios invocados nin a conculcación da normativa de aplicación vixente reguladora das subvencións públicas reflectida nos antecedentes da presente proposta.

As bases reguladoras desta convocatoria de concorrencia competitiva establecen os criterios e requisitos que todas as entidades concorrentes deben cumprir en igualdade de condicións e que aceptan cando achegan a súa solicitude para poder participar no procedemento. Desde a entrada en vigor da reforma laboral véñense implementado axustes nas bases reguladoras deste procedemento - logo da análise que anualmente se extrae de cada convocatoria - a fin de axustar a súa eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados en aras de acadar a maior eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, atendendo ás necesidades das entidades de tan variada índole ás que vai dirixidas, que pola súa heteroxeneidade non semellan ser coincidentes (constando un total de 60 entidades solicitantes na presente convocatoria).

Esta convocatoria de subvencións, **mediante concesión en réxime de concorrencia competitiva**, está dirixida ás entidades sen ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, deportivo, empresarial e das comunidades de montes, para actividades de fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo.

A concorrencia competitiva é o **procedemento ordinario** de concesión de subvencións públicas (art. 22.1 LXS) que se xestionan de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. A través da concorrencia competitiva, se pretende asegurar que os recursos públicos se asignen de xeito eficiente.

A **alternativa de concesión excepcional de subvencións de xeito directo**, implicaría, entre outros requisitos (art. 22.2 e 28 LXS) a motivación do seu carácter singular e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, para motivar a inaplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

Tal e como reflicten as bases recorridas, esta convocatoria de subvencións ten por obxecto **apoiar** ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e o fomento da creación e consolidación do emprego estable e de calidade no municipio, de xeito que a través desta **colaboración** coas entidades sen ánimo de lucro, se acade o fin de **reforzar** a súa capacidade de autoorganización e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e benestar social da cidadanía.

Lémbrese a este respecto, que é un requisito das entidades solicitantes (base 2.4) que **dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesarias para acadalos**. Ambas

entidades recorrentes, teñen achegado a acreditación da dita circunstancia mediante certificación da secretaría da entidade.

As presentes bases reguladoras dispoñen de informe xurídico e de fiscalización favorables con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, dando cumprimento aos requisitos esixidos no artigo 9 LXS para o outorgamento das subvencións, polo que non se aprecian vulneracións da legalidade vixente polas que proceda propoñer a estimación dos recursos achegados.

VI. Resolución dos recursos administrativos

O art. 119 daLPAC dispón que a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimará as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a súa inadmisión.

O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma coma de fondo, plantee o procedemento, teñan sido alegadas ou non polos interesados. Neste último caso se lles oírán previamente. No entanto, a resolución será congruente cas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poda agravarse a súa situación inicial.

De acordo cos antecedentes de feito e fundamentos de dereito anteriormente expostos, procedería a desestimación da totalidade das alegacións achegadas polos motivos anteriormente referidos, ao non desvirtuar os fundamentos de dereito que serviron de base para a aprobación do acto recorrido.

VII. Órgano competente:

De acordo co previsto nas bases reguladoras da subvención e na lexislación de réxime local e de procedemento administrativo común, a adopción do devandito acordo é da competencia da Xunta de Goberno Local.

VIII. Recurso:

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, da lexislación de réxime local e do procedemento administrativo común, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

PRIMEIRO: Desestimar o recurso de reposición achegado con Rexistro de entrada de data 22/05/2025 (DOC. 250118540) por don Uxío González Pérez, en calidade de presidente da Mancomunidade de Montes de Vigo contra as bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego 2025, por canto as alegacións non poden ser estimadas ao non desvirtuar os fundamentos de dereito que serviron de base para a súa aprobación.

SEGUNDO: Desestimar o recurso de reposición achegado con Rexistro de entrada de data 23/05/2025 (DOC. 250119693) por dona Estela Rodríguez Rodríguez, en calidade de presidenta da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva San Xurxo, contra as bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego 2025, por canto as alegacións non poden ser estimadas ao non desvirtuar os fundamentos de dereito que serviron de base para a súa aprobación.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ás entidades interesadas no expediente aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(754).- CONVOCATORIA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON EMPRESAS PRIVADAS PARA DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMA DA CABALGATA DE REIS E DO ENTROIDO 2026. EXPTE. 10413/335.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/09/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola secretaria de Administración Municipal e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen ánimo de lucro e de incentivos fiscais ao mecenado

ANTECEDENTES

O servizo de Festas, no exercicio das súas competencias, está organizando os programas da Cabalgata de Reis e do Entroido do ano 2026.

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 22 de abril de 2025, aprobou as bases reguladoras das convocatorias de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo (expediente nº 10413/335), entra as que se atopa a Cabalgata de Reis e o Entroido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Competencias municipais

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais. No exercicio destas competencias, o servizo de Festas desenvolve o programa da Cabalgata de Reis e do Entroido 2026, cuxa dotación económica está recollida nos seus orzamentos anuais.

-II-

Da colaboración público privada para a realización de actividades municipais

A Lei 49/2002 prevé a colaboración público privada na posta en marcha de actividades de carácter municipal. Así, o seu artigo 25 o establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades ás que se refire o artigo 16 (entre as que se atopan as entidades locais) a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

Esta maior implicación do sector privado en actividades de interese xeral promovidas polas administracións públicas aconsella regular dita colaboración para dotala de transparencia na súa publicidade, acceso e xestión. Por este motivo, o servizo de Festas dende o ano 2017 ven propoñendo a estruturación dun programa anual de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento de actividades socioculturais de intereses xeral, a través da redacción dunhas bases para a regulación, programación e ordenación das actividades de carácter sociocultural e de interese xeral que se prevexan realizar



Concello de Vigo

total ou parcialmente ao longo de cada exercicio económico, coa fin de dotar de maior transparencia e publicidade todo o procedemento.

A estes efectos a Xunta de Goberno Local, na sesión do 22 de abril de 2025 prestou aprobación das bases reguladoras e convocatorias de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo (expediente. nº 10413/335).

As bases reguladoras teñen por obxecto baixo o cumprimento dos principios de publicidade e concorrência establecer o réxime normativo polo que se regularán os convenios de colaboración empresarial con entidades privadas que poidan ser obxecto de aceptación polo Servizo de Festas da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dentro do ámbito das súas competencias para a realización de actuacións de carácter sociocultural que persigan fins de interese xeral.

A publicación da convocatoria para o convenio de colaboración empresarial con empresas privadas para desenvolvemento do programa da Cabalgata de Reis e do Entroido 2026 deberá realizarse no último trimestre do ano anterior ao que se desenvolven as actividades obxecto de colaboración (base SÉTIMA das bases reguladoras).

-III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (artigo 127 LBRL).

-IV-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Aprobar a convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para os Programas “CABALGATA DE REIS 2026” e “ENTROIDO 2026”.

Segundo.- Ordenar a publicación da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para os programas “CABALGATA DE REIS 2026” e “ENTROIDO 2026” no BOP de Pontevedra, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVOCATORIA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON EMPRESAS PRIVADAS PARA DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS DA CABALGATA DE REIS E DO ENTROIDO 2026

PRIMEIRO.- OBXECTO

A convocatoria dos convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para o desenvolvemento dos programas da Cabalgata de Reis e do Entroido 2026 organizados polo Concello de Vigo, conforme ás BASES REGULADORAS aprobadas pola Xunta de Goberno local o 22 de abril de 2025 (expte. 10413-335, BOPPO n.º 81 de 30 de abril de 2025).

SEGUNDO.- ACTIVIDADES OBXECTO DE COLABORACIÓN

Poderá ser obxecto de colaboración os seguintes programas que figuran no Anexo I das bases:

- 1.- CABALGATA DE REIS
- 2.- ENTROIDO

TERCEIRO.- ENTIDADES COLABORADORAS

Poderán ostentar a condición de entidades colaboradoras as persoas xurídicas sometidas a dereito privado, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas nalgunha prohibición de contratar das previstas na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- MODALIDADES DAS ACHEGAS

As formas de colaboración poderán ser tanto **monetarias** como **en especie** nos supostos legalmente establecidos. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto de colaboración. Sempre que as actividades obxecto de colaboración o permitan, as achegas poderán proceder de varias entidades colaboradoras. En tales casos, cada entidade formalizará o seu respectivo convenio.

QUINTO.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A publicación da convocatoria realizarase no BOPPO e na páxina web municipal.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **15 días naturais** contados dende o día seguinte ao de publicación no BOP de Pontevedra.

Os suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos conforme o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPC), presentarán a súa solicitude por medios electrónicos (<https://sede.vigo.org>) Noutro caso poderán presentar a súas propostas e solicitudes a través dos medios sinalados no artigo 16.4 da LPC.

As propostas presentaranse conforme ao modelo de solicitude que figura no Anexo II das Bases.

SEXTO.- LUGAR ONDE SE PODEN OBTER AS BASES E FORMULARIOS

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.hoxevigo.org) dende o día da publicación no BOPPO.

SÉTIMO.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS

Recibidas as propostas procederase a súa valoración consonte ao previsto na base novena.

ANEXO II

INSTANCIA-FORMULARIO DE SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO 2025-2026

NOME DA ENTIDADE

CIF.....ENDEREZO.....

LOCALIDADE..... CÓDIGO POSTAL.....

NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE.....

.....NIF.....

TELÉFONO DE CONTACTO.....CORREO ELECTRÓNICO

.....

ACTIVIDADE OU PROGRAMA OBXECTO DE COLABORACIÓN:

- **CABALGATA DE REIS 2026:**
- **ENTROIDO 2026:**

FORMA DE COLABORACIÓN:

- **MONETARIA** ☐
IMPORTE DA ACHEGA:.....
- **EN ESPECIE** ☐
VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA

** Anexar memoria nos casos de achegas en especie e para outras propostas non incluídas no programa anual.*

En, ade.....de 2025

Asdo:

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO**11(755).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA. EXPTE. 12231/320.**

Visto o informe xurídico do 25/09/2025 e o informe de fiscalización do 26/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/09/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 4 de xuño de 2025, o Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e a Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas asinou a orde de iniciar o expediente de CONTRATO DE SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:



Concello de Vigo

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e pola Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.
2. Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas particulares asinada polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 05/06/2025.
3. Certificados de existencia de crédito do 10/06/2025 (RC núm. Operación 12025000078192 e RCFUT núm. Operación 12025000078194).
4. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 30/07/2025, asinado polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
5. Memoria económica do contrato de data 18 e 19 de agosto de 2025, asinada polo arquitecto técnico municipal, pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e pola Tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, e conformada polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
6. Copia da Resolución de adscrición do Pazo da Raposeira á Concellería Delegada de Participación cidadá en data 30 de abril de 2025.
7. Memoria xustificativa do 22 de setembro asinada polo arquitecto técnico municipal, pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e pola Tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, e conformada o 23 de setembro polo Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
8. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data 23/09/2025.
9. Prego de cláusulas administrativas, asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data 23/09/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia consta delegada por Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 e posteriores modificacións do por acordo de 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024 e de 28 de xuño de 2024 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados, polo que a Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e

Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto ordinario.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (12231-320) por procedemento aberto ordinario do “SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 30 de xullo de 2025 e o prego de cláusulas administrativas de 23 de setembro de 2025, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de **81.216,00 € (IVE INCLUÍDO)** para a contratación do “SERVIZO DE VIXILANCIA DO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA DEPENDENTE DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2270100 (“VIXILANCIA E SEGURIDADE”) do orzamento do concello de Vigo, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, distribuídos do xeito seguinte:

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	6.768,00 €
2026	27.072,00 €
2027	27.072,00 €
2028	20.304,00 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(756).- AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO, NA RÚA ERNESTO LECUONA Nº 4, COA INSTALACIÓN DUNHA ÁREA DE XOGOS INFANTIL. EXPTE. 22004/240.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/09/2025, asinado polo xefe de Patrimonio e pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Normativa de aplicación.

- LRBRL (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).
- TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A entidade BARQUITO VELERO S.COOPERATIVA GALEGA (F27806009), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 27 de agosto do 2024 solicitou autorización para o uso da zona axardinada de dominio público situada ao carón da escola infantil sita no local de planta baixa do edificio nº 4 da rua Ernesto Lecuona, como patio exterior de xogos dos seus alumnos, dentro do horario escolar. Achegase pola solicitante en data 6 de xuño do 2025 o Proxecto Técnico e de actividade de xuño 2025 redactado pola arquitecta Silvia Gonzalez Dacosta, coas características técnicas e constructivas do patio exterior existente, así como o número de horas lectivas anuais previstas de utilización do patio, que a estima en 111 horas.

Segundo.- Na instrución do expediente emitíronse informes polos seguintes servizos municipais:

- Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 2/04/2025 e 10/09/2025.
- Dirección de ingresos (Admon Tributos) en data 26/05/2025 e 11/06/2025. Achegouse o expediente a autoliquidación polo aproveitamento da vía pública-garderías, practicada pola solicitante en data 16/06/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- A instalación proxectada ten por obxecto o establecemento pola interesada dun parque de xogos infantís na zona verde de titularidade municipal (nº de propiedade 4221 do Ep. I – Inmóbles do IMBD 2024) existente na avda. Ramon Nieto (xunto o nº 118), nunha superficie de superficie de 75 m2 e situada próxima a escola infantil ubicada no nº 4 da rua Ernesto Lecuona, para a súa utilización pola interesada como patio exterior de xogos e coa finalidade de cumprir os requisitos de funcionamento exisidos na normativa reguladora dos centros de menores e de atención á infancia, achegándose ó efecto proxecto das condicións

S.ord. 13//10/2025

técnicas e constructivas do mesmo e o seu axuste as prescricions tecnicas requeridas pola normativa de seguridade dos parques infantís.

Polo Servicio de Montes,Parques e Xardins informou respecto a solicitude formulada que *"(...) o proxecto técnico e de actividade presentado pola entidade, Barquito Velero. S. Co-operativa Galega, para a autorización da ocupación da zona verde situada na rúa Ernesto Lecuona para patio exterior de xogos de escola infantil, o técnico que subscribe informa que, examinado o citado proxecto e a certificación da área por parte da entidade ASES XXI, a área parece cumprir coas esixencias establecidas na normativa vixente para este tipo de instalacións de espaxemento infantil.*

Segundo.- A ocupación da zona verde coa instalación proxectada, implica un uso privativo do dominio público, configurandose aquel que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).

Terceiro.- É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante necesario sería a autorización administrativa, dado que a ocupación efectúase con instalacións desmontables, sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos, caso no que procedería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

Cuarto.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Autorizar a *BARQUITO VELERO S.COOPERATIVA GALEGA (F27806009) a ocupación do dominio público mediante a instalación dun area de xogos infantís na zona verde de titularidade municipal (nº de propiedade 4221 do Ep. I – Inmobles do IMBD 2024) existente na avda. Ramon Nieto (xunto o nº 118), nunha superficie de superficie de 75 m2, dacordo co proxecto presentado, e con sometemento as seguintes condicións xurídicas e técnicas:*

- 1. A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupar o dominio publico coa instalación da area de xogos infantís proxectada, 111 días lectivos e durante o tempo (unha hora diaria das 11,00 ás 11,30 e das 17,00 ás 17,30), sinalado no apartado 1.3 da memoria do Proxecto Técnico e de actividade de xuño 2025 redactado pola arquitecta Silvia Gonzalez Dacosta, non implicando en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o mesmo.*
- 2. A interesada debera presentar, no prazo de 15 días dende a data de remate da obra, certificado de instalación consonte instalouse correctamente.*



Concello de Vigo

3. O Parque infantil e as súas instalacións estarán en todo momento en perfecto estado de conservación, debendo proceder a entidade autorizada, en caso contrario, a súa reparación ou substitución. Todos os gastos de mantemento e conservación corresponderanlle á dita entidade.

BARQUITO VELERO S.COOPERATIVA GALEGA responderá dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia do seu estado de conservación e mantemento, ou da súa utilización e funcionamento.

4. O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado do parque e instalacións, a súa adecuación o proxecto e fins autorizados así como do estado do dominio público sobre a que están instalados. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario a revocación da autorización.
5. O Concello carece de responsabilidade algunha sobre o parque infantil e súas instalacións, non respondendo dos posíbeis danos, avarías, deterioros ou destrución total ou parcial que poida sufrir, incluso por feitos derivados de actos de terrorismo, sabotaxe, vandalismo, fortuitos ou forza maior.
6. Cando por necesidades de esta Administración fora precisa a reubicación do parque infantil, o seu traslado será por conta da entidade autorizada.
7. A presente autorización resulta condicionada ao otorgamento pola Xerencia Municipal de Urbanismo da correspondente licenza urbanística o proxecto de instalación do parque infantil, de ser exisíble consonte a normativa de aplicación, e sen prexuício das demais autorizacións que requira.
No prazo dun ano, dende a data da formalización en documento administrativo da presente autorización, debera terse outorgada dita licenza urbanística.
8. A presente autorización estará suxeita o aboamento das taxas correspondentes por ocupación da vía pública, dacordo co disposto na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Publico Local.
9. A entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 600 € (seiscientos euros) para responder dos danos que se poidan ocasionar ao dominio público ocupado, nas operacións de instalación- desinstalación do parque infantil, ou no desenvolvemento da actividade, e do cumprimento pola autorizada das demais obrigas previstas na presente autorización.
10. A autorización outorgarase por prazo dun ano, prorrogable tácitamente por períodos anuais se non media denuncia por ningunha das dúas partes, cunha antelación mínima de dous meses ao remate do prazo en vigor, e ata un máximo de catro anos (incluídas as prórrogas).
O prazo computarase dende a data da notificación da licenza urbanística a que quedaría condicionada a autorización de requirirse a mesma e, noutro caso, dende a data da formalización en documento administrativo.
11. A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.
12. A autorización extinguirase pola concurrencia dalgunha das causas previstas no art. 100 da LPAP, e as seguintes:
 - a) Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a autorización ou denuncia de calquera das prórrogas.
 - b) Renuncia da empresa a autorización.

- c) *Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.*
- d) *Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
- e) *A no concesión da licencia urbanística no prazo previsto.*
- f) *Disolución, fusión ou escisión da empresa.*
- g) *Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sin xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de tres meses.*

13. Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá á retirada do parque e instalacións do dominio publico, nun prazo máximo de quince días dende a data da notificación da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeneren, e debendo repoñer o dominio público municipal ao seu estado orixinal.

Segundo.- *A presente autorización formalizarase en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación do presente acordo ao solicitante.*

Terceiro.- *Dar traslado da presente aos servizos municipais interesados."*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(757).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO, COMO PERSOAL ADMINISTRATIVO LABORAL FIXO, SUBGRUPO C1-TRIBUNAL 3: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46282/220.

Visto o informe de fiscalización de data 29/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/09/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso, foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban tres prazas de Administrativo réxime laboral, equiparadas ao subgrupo C1 de titulación:



Concello de Vigo

II.- En sesión de data 20/12/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo das prazas equiparadas ao subgrupo C1 de titulación, no proceso 31, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como persoal Administrativo laboral fixo, a;

R. BARANDELA VÁZQUEZ, DNI ***0290**

P. VILLAR POSADA, DNI ***1031**

S. BERNÁRDEZ FERNÁNDEZ, DNI ***6951**

Dado as incidencias xurdidas na tramitación do citado proceso referida a unha das candidatas propostas, R. BARANDELA VÁZQUEZ, DNI ***0290**, e que motivou a necesidade de realizar varios requirimentos por parte desta administración, a proposta de nomeamento referida a esa vacante realizárase con posterioridade unha vez esgotados os trámites administrativos procedentes que se están levando a cabo.

Como o persoal agora proposto, xa vén prestando servizos no Concello de Vigo no réxime de persoal laboral indefinido non fixo, procede previamente ordenar o seu cese en tal condición para acordar a posterior contratación como persoal laboral fixo.

III.- Consta no trámite 28 do expediente, verificación administrativa sobre a documentación presentada polo persoal proposto, conforme ao exixido nas bases do procedemento ou por figurar xa esta en poder da administración ao tratarse de persoal de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. "1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanten, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103."El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

“El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho.”

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

-Convenio das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral, estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

-Ceses previos como persoal laboral temporal ou laboral indefinido non fixo para poderen ser contratados como persoal laboral fixo.

Das persoas propostas polo órgano de selección para a súa contratación como persoal laboral fixo, equiparados ao subgrupo C1 de titulación, constan que están presentado servizos actualmente nesta administración, as seguintes:

- Posto 654 mestres/as de formación EMAO, dotacións 6, 8, 9 10, en EMAO (613); vinculados ás prazas mestre/a formación- EMAO:

Dotación 6: Ocupado interinamente en data actual por R. M. García Martínez con nº de persoal 83171.

Dotación 8: Ocupado interinamente en data actual por M. Núñez Rodríguez con nº de persoal 83181.



Concello de Vigo

Dotación 9: Ocupado interinamente en data actual por J. A . Pereira Somoza con nº de persoal 83182.

Para levar a cabo a súa contratación no seu novo réxime laboral, as persoas interesadas deberán cesar previamente da situación temporal actual, ceses que xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior a que firmen os respectivos contratos como laborais fixos.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como persoal Administrativo laboral indefinido non fixo, equiparados ao subgrupo C1 de titulación, e ao obxecto da súa posterior contratación como persoal laboral fixo nos termos do apartado seguinte, a:

P. VILLAR POSADA, DNI ***1031**

S.ord. 13//10/2025

S. BERNÁRDEZ FERNÁNDEZ, DNI ***6951**

SEGUNDO.- Contratar como persoal Administrativo en réxime laboral fixo, equiparados ao subgrupo C1 de titulación, con cargo ás prazas que foron convocadas en execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización do Concello de Vigo, a:

P. VILLAR POSADA, DNI ***1031**

S. BERNÁRDEZ FERNÁNDEZ, DNI ***6951**

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo Cuarta 3, notificaráselles aos/ás interesados/as para que subscriban os seus contratos laborais fixos no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

Os cesamentos acordados no apartado PRIMEIRO do presente acordo, producirán efectos o día inmediatamente anterior ao da firma do contrato como persoal laboral fixo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Empresa, aos efectos procedentes.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente ante a xurisdición social."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(758).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA, NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA, POR SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO TITULAR: SERVIZO DE TURISMO. EXPTE. 46384/220.

Visto o informe de fiscalización de data 29/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/09/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por parte da xefatura do Servizo de Turismo, co conforme da concellería competente, solicítase o nomeamento de persoal interino en substitución da traballadora de dito servizo con número de persoal 76511, con praza e posto de auxiliar de administración xeral (subgrupo C2), que actualmente figura en situación de incapacidade temporal.



Concello de Vigo

II.- Trala resolución de incoación do expediente 46384/220, consta incorporado ao mesmo (trámite 53), informe de verificación sobre os chamamentos aos aspirantes dispoñibles nas listas de reserva, realizados pola oficina administrativa da Área de Recursos Humanos e Formación, conforme aos criterios vixentes no momento da tramitación do procedemento, coa aceptación da seguinte candidata:

-A. González Vilar DNI *9142****

III.- A estimación da cuantificación económica de gasto anual para cobertura temporal do posto auxiliar administrativo resultaría a seguinte:

Posto	Cod. 138 AUXILIAR ADMINISTRATIVO			C2 – CD 16 – CE 159	
Básicas	CD	CE	Total Retr.	Estim. seg so- cial	Total posto
10.073,72 €	5.890,36 €	10.718,68 €	26.682,76 €	7.384,80 €	34.067,56 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonante ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **"La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario."** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *"los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera."*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido



Concello de Vigo

no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria da titular durante o tempo estritamente necesario, e, en todo caso, por período máximo de tres anos.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025.

VIII.- PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: auxiliar administrativo (subgrupo C2)
- Modalidade legal: persoal funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP):
 - substitución da traballadora con número de persoal 76511, actualmente en situación de incapacidade temporal.
- Destino: SERVIZO TURISMO
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario durante a substitución da titular, coa duración contemplada na normativa vixente, consonte ao establecido no



Concello de Vigo

artigo 10.1, letra b) do TREBEP, sen que, en ningún, caso a duración poida superar os tres anos de duración.

- Custe económico: Estímase un custe anual por importe total de 34.067,56 €, dos cales con cargo ás aplicacións orzamentarias 920.0.140.0000 (retribucións), sería un importe de 26.682,76 € e con cargo á 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa), polo importe de 7.384,80 €.

SEGUNDO: Nomear en réxime de persoal funcionario interino, na categoría de Auxiliar administrativo (subgrupo C2) por substitución da traballadora co número de persoal 76511, e nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a:

-A. González Vilar DNI *9142****

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo á persoa interesada, á xefatura de Turismo, Inspección de persoal e persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(759).- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NA PROVISIÓN DEFINITIVA DA XEFATURA DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 46508/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/09/2025, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación

e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Museos Municipais, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto.

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 111, do xoves 12 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 127, do venres 4 de xullo do 2025.

Consta a presentación de recursos de reposición contra o acordo de aprobación das bases e convocatoria interpostos polos sindicatos CCOO e CIG, que teñen sido informados e resolto en tempo e forma, e debidamente publicados nos diarios e boletíns oficiais correspondentes os acordos de desestimación dos mesmos, tal e como consta documentado no expediente electrónico.

Unha vez resolto os recursos, no Boletín Oficial del Estado núm. 211, do martes 2 de setembro do 2025 consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

Rematado o prazo de presentación de instancias, exposto ao público o expediente, e segundo os documentos que obran incorporados ao expediente (trámite 199) presentaronse os seguintes aspirantes:

1.- J.M. Rey García, con DNI ***82*54*

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas efectuada e documentadas no trámite 199 do expediente xa citado, fórmase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva en segunda convocatoria do posto de Xefe/a de Museos Municipais, que seguidamente se recolle:

ADMITIDOS

ASPIRANTE

DNI

J.M. Rey García

***82*54*

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(760).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE PARA O FINANCIAMENTO DO FESTIVAL VÉRTIXE 13. EXPTE. 6204/330.

Visto o informe xurídico do 12/09/2025 e o informe de fiscalización de data 26/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2025, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 22 de xullo do 2025, a “ Asociación Cultural Vértixe” presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do “ Festival Vértixe 13” con cargo ao orzamento 2025; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase a tramitación do expediente de subvención correspondente polo importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

● **Concertos**

Entradas de balde ata completar aforamento.

Domingo 21.09, 18h | Verbum, Vigo

A BELEZA DO ROTO

Xoves 16.10 | Verbum, Vigo
LSMI

Mércores 22 outubro, 18h. | Verbum
PUNGE

Domingo 26 outubro, 18h. | Auditorio Martín Codax
A TERRA CANSA

Luns 27 de outubro, 20h. | Auditorio David Russell
HUSH

 **En paralelo**

Entradas de balde ata completar aforamento

RESIDENCIAS

Varias datas | varios espazos
ENCONTROS, CHARLAS, CONFERENCIAS, MASTERCLASS
Colabora: Conservatorio Superior de Música de Vigo

INSTALACIÓNS EDUCATIVAS

Datas e espazo por determinar
PUTTO MICTANS

NOVOS TALENTOS

Datas e espazo por determinar
XESTIÓN COMUNITARIA DO TEMPO

Mércores 15 de outubro, 1 h. Verbum.
SOMBRA DONDE

PRÁCTICAS DE MESTRADO

diferentes datas | distintos lugares

PRÁCTICAS DO ALUMNADO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 58.638,66 € (cincuenta e oito mil seiscientos trinta e oito euros con sesenta e seis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 €
- Deputación de Pontevedra: 12.000 €
- Inaem: 10.000 €
- Siemens: 10.000 €
- Ibermúsicas: 6.500 €
- Xunta de Galicia: 6.000 €
- Sacem: 4.000 €

– Fondos propios: 3.138,66 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Escrito de conformidade co texto do convenio presentado na sede electrónica o día 09.09.2025 (doc. 250241875)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Vértixe, para a organización do “Festival Vértixe 13” con cargo ao orzamento 2025, obxecto deste expediente, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade " Asociación Cultural Vértixe Sonora" , para o desenvolvemento do Festival Vértixe 13, con cargo ao orzamento 2025, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Vértixe deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Vértixe” ten como obxecto financiar a organización do Festival Vértixe 13 con cargo ao orzamento 2025, figurando na aplicación **3340.480.00.00** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Vértixe” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas. Estes gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**



Concello de Vigo

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000 € (sete mil euros) á "Asociación Cultural Vértixe", CIF: G-27751296, para o financiamento do Festival Vértixe 13, con cargo ao orzamento 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 "Festival Vértixe Sonora ", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a "Asociación Cultural Vértixe" que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa do Festival Vértixe 13 con cargo ao orzamento 2025

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE PARA O FINANCIAMENTO DE FESTIVAL VÉRTIXE 13 CON CARGO AO ORZAMENTO 2025

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024

Doutra, D. Ramón Souto Caride, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Vértixe (CIF G27751296) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Canceleiro, 16, 2º B, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto, dando fé deste acto.

S.ord. 13//10/2025

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e sen prexuízos da creación sonora internacional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e co-laborar economicamente na organización do Festival Vértixe 13 promovido pola **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, como medio que é de fomentar a música contemporánea na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.00, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, a cantidade de 7.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas ditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o “Festival Vértixe 13” durante o exercicio 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 58.638,66 €



Concello de Vigo

(cincuenta e oito mil seiscientos trinta e oito euros con sesenta e seis céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 €
- Deputación de Pontevedra: 12.000 €
- Inaem: 10.000 €
- Siemens: 10.000 €
- Ibermúsicas: 6.500 €
- Xunta de Galicia: 6.000 €
- Sacem: 4.000 €
- Fondos propios: 3.138,66 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

● **Concertos**

Entradas de balde ata completar aforamento.

Domingo 21.09, 18h | Verbum, Vigo

A BELEZA DO ROTO

Xoves 16.10 | Verbum, Vigo
LSMI

Mércores 22 outubro, 18h. | Verbum
PUNGE

Domingo 26 outubro, 18h. | Auditorio Martín Codax
A TERRA CANSA

Luns 27 de outubro, 20h. | Auditorio David Russell
HUSH

● **En paralelo**

Entradas de balde ata completar aforamento

RESIDENCIAS

Varias datas | varios espazos

ENCONTROS, CHARLAS, CONFERENCIAS, MASTERCLASS

Colabora: Conservatorio Superior de Música de Vigo

INSTALACIÓNS EDUCATIVAS

Datas e espazo por determinar

PUTTO MICTANS

NOVOS TALENTOS

Datas e espazo por determinar

XESTIÓN COMUNITARIA DO TEMPO

Mércores 15 de outubro, 1 h. Verbum.
SOMBRA DONDE

PRÁCTICAS DE MESTRADO

diferentes datas | distintos lugares

PRÁCTICAS DO ALUMNADO

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ramón Souto Caride, presidente da entidade.
 - 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 - 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
 - 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
 - 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
 - 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
 - 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre

as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

- 9.Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".
- 10.As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.
- 11.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente declaración responsable asinada o día 20.05.2025 comproméndose a subscripción do seguro de responsabilidade civil que cubra o evento subvencionable e a achegar póliza e recibo de pagamento do mesmo antes do inicio da actividade subvencionada.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.



Concello de Vigo

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.



Concello de Vigo

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
 - b) O acordo unánime de todos os asinantes.
 - c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.



Concello de Vigo

ORZAMENTO 2025

GASTOS	58.638,66
PRODUCCIÓN	15.404,66
Desprazamentos	7.503,09
Aloxamentos	2.284,07
Alugamento de instrumentos e sonorización	3.938,36
Aluguer de seguridade de espazos	499,85
Seguro responsabilidade civil	482,33
Dereitos autor	696,96
PROMOCIÓN E PUBLICIDADE	5.445,00
Comunicación	2.420,00
Documentación	2.601,50
Cartelaría, contidos web	423,50
CACHETS	37.789,00
Honorarios músicos y director	25.289,00
Honorarios compositores	12.500,00

INGRESOS	58.638,66
Concello de Vigo -Area de Cultura	7.000,00
Deputación de Pontevedra	12.000,00
INAEM	10.000,00
SIEMENS	10.000,00
Ibermusicas	6.500,00
Xunta de Galicia	6.000,00
Sacem	4.000,00
Fondos propios	3.138,66

17(761).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO". EXPTE. 6120/330.

Visto o informe xurídico de data 10/09/2025 e o informe de fiscalización do 24/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/09/2025 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

S.ord. 13//10/2025

ANTECEDENTES

Con data 8 de maio pasado, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo” en réxime de concorrência competitiva.

CARACTERÍSTICAS DA CONVOCATORIA

Importe.-

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

Ámbito temporal e espacial.-

O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo da presente convocatoria será dende o 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025, ambos inclusive.

O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, espazo artístico e cultural proxectado como referente para a cidade. A Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de outubro de 2011 aprobou o Regulamento de funcionamento e uso do Auditorio, coa finalidade de acadar unha utilización racional e ordenada deste espazo, garantindo aos cidadáns o acceso ás instalacións en igualdade de condicións e coordinar a organización de actividades.

Neste sentido, no citado Regulamento indícase:

“Artigo 3.- Serán tarefas, entre outras, do Auditorio-Pazo de Congresos:

** Facilita-la organización de espectáculos de teatro, danza, música, cine e/ou calquera outra manifestación cultural ou artística en calquera das súas modalidades.*

** A difusión, promoción e divulgación de calquera das súas modalidades.*

** A procura de fórmulas que contribúan á formación de novos públicos, así como a incentivar a afección polas actividades culturais, tamén entendidas como alternativa de ocio nos sectores máis xoves da poboación.*

** A promoción de celebración de congresos, convencións, exposicións, etc.*

** As prestacións de servizos dirixidos á organización de ditas actividades.*

Obxecto.-

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal se redactaron por esta xefatura a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar



Concello de Vigo

de Vigo”: de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS).

Asemade, a presente convocatoria ampárase no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014.

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta sociocultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, de titularidade municipal, que ten como finalidade o desenvolvemento de espectáculos públicos, actividades socioculturais, reunións e congresos, dotando dunha serie de actividades socioculturais que afoenden na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos.

As especiais características do Auditorio “Mar de Vigo” implican que a convocatoria teña como fin a promoción de espectáculos e actividades que non son susceptibles nalgúns casos de realizarse noutras instalacións do termo municipal, e posibilitar de paso o acceso maioritario dos cidadáns á cultura nas súas diferentes vertentes e modalidades, especialmente ás artes escénicas e musicais.

Publicidade.-

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos términos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade. Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos términos regulamentariamente establecidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Procedemento presentación solicitudes e prazos.-

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas e asinadas electronicamente, mediante o modelo oficial de solicitude e demais Anexos aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web municipal (www.vigo.org)

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

Procedemento de concesión.-

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrência competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación estipulados nas bases reguladoras da presente convocatoria.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada actividade a subvencionar será do 50% do importe de gastos presentado. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Xustificación.-

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

Só se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade a la finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

A teor do disposto no artigo. 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das



Concello de Vigo

subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Órgano competente.-

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da convocatoria, bases e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras, anexos e extracto de subvencións que se achegan no expediente, para o financiamento de actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, no período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, ambos inclusive, en réxime de concorrencia competitiva.

Segundo.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe máximo de 500.000 (CINCOCENTOS MIL) euros con cargo á aplicación 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

Terceiro.- Que de forma excepcional, polos prazos de tramitación da presente convocatoria, se amplíe o prazo de xustificación de subvencións fixado na base 38ª apartado 11 das bases de execución do orzamento xeral do ano 2025 (expte 90/142), de forma que neste caso a data límite de presentación da documentación xustificativa será o 12 de decembro de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2024 E O 31 DE OUTUBRO DE 2025.

Base 1ª.- OBXECTO

1.- O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo": de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS).

Asemade, a presente convocatoria ampara-se no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014.

2.- O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo desta convocatoria será dende o 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025, ambos inclusive.

3.- O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", espazo artístico e cultural proxectado como referente para a cidade.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de outubro de 2011 aprobou o Regulamento de funcionamento e uso do Auditorio, coa finalidade de acadar unha utilización racional e ordenada deste espazo, garantindo aos cidadáns o acceso ás instalacións en igualdade de condicións e coordinar a organización de actividades.

Neste sentido, no citado Regulamento indícase:

"Artigo 3.- Serán tarefas, entre outras, do Auditorio-Pazo de Congressos:

** Facilita-la organización de espectáculos de teatro, danza, música, cine e/ou calquera outra manifestación cultural ou artística en calquera das súas modalidades.*

** A difusión, promoción e divulgación de calquera das súas modalidades.*

** A procura de fórmulas que contribúan á formación de novos públicos, así como a incentivar a afección polas actividades culturais, tamén entendidas como alternativa de ocio nos sectores máis xoves da poboación.*

** A promoción de celebración de congresos, convencións, exposicións, etc.*

** As prestacións de servizos dirixidos á organización de ditas actividades.*

Base 2ª.- FINALIDADE

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta sociocultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", de titularidade municipal, que ten como finalidade o desenvolvemento de espectáculos públicos, actividades socioculturais, reunións e congresos, dotando dunha serie de actividades socioculturais que afonden na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos.



Concello de Vigo

Base 3ª.- REQUISITOS DAS E DOS SOLICITANTES.

1.- Poderán solicitar subvención ao abeiro da presente convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Que, conforme aos seus estatutos, escrituras de constitución ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- 2.- Que a entidade solicitante exerza de promotora/organizadora directa da actividade proposta.
- 3.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos.
- 4.- Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O Concello de Vigo realizará a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, agás que no modelo oficial de solicitude se marque a non autorización para elo; neste caso será preciso achegar os pertinentes certificados que acrediten que están ao corrente, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
- 5.- Que cumpran coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 6.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

2.- Non poderán acollerse á presente convocatoria as persoas físicas nin as entidades sen ánimo de lucro.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

Base 4ª.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

1.- O importe total máximo destinado á presente convocatoria ascende a 500.000 € (cincocentos mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 do orzamento municipal vixente. A convocatoria non obriga ao Concello de Vigo ao gasto íntegro do importe máximo indicado.

2.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 50 % do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente solicitude de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Base 5ª.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

1.- Serán obxecto de subvención os gastos efectuados que respondan directa e sen dúbida á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e sexan realizados dentro do prazo establecido para a execución desta. Con carácter enunciativo e non taxativo, indícanse a modo de exemplo os seguintes:

- * Pagamentos de cachés, honorarios e/ou nóminas de artistas.
- * Gastos de viaxes, aloxamentos, axudas de custo, produción técnica e escenográfica.
- * Pagamentos derivados polo cumprimento do RDL 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual, como pagamentos de dereitos de autor a entidades de xestión pola actividade subvencionada..
- * Contratación de servizos técnicos e profesionais.
- * Alugueiro de materiais e/ou equipos técnicos.
- * Gastos de promoción, difusión e publicación en diferentes soportes (anuncios en medios, edición de materiais impresos, publicacións dixitais, páxinas web ou aplicacións móbiles...).

2.- En todo caso quedan expresamente excluídos os seguintes conceptos:

- Os custos indirectos imputables á actividade.
- Os custos de funcionamento ordinario da entidade beneficiaria.
- Os custos de atencións protocolarias e representativas.
- Os gastos en investimentos e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, así como os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos, as taxas e o IVE.
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades relativas a campañas de carácter partidista.
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades que non sexan susceptibles de goce público.
- Os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións non apropiadas (linguaxe sexista, imaxe da muller como reclamo, connotacións de tipo sexual, maltrato animal ou en contra do medio natural/ambiente...).
- En xeral, os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións que supoñan a vulneración do ordenamento xurídico vixente.

3.- En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Base 6ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- A subvención concedida ao abeiro desta convocatoria é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A entidade solicitante deberá indicar na solicitude as posibles axudas económicas coas que conta para a actividade proposta.



Concello de Vigo

2.- En todo caso, o importe total da subvención ou subvencións percibidas en ningún caso poderá superar o custo total da actividade subvencionada (art.17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Base 7ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- Forma de presentación: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas e asinadas electronicamente, mediante o modelo oficial de solicitude e demais Anexos aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web municipal (www.vigo.org); e son os seguintes:

Anexo I: declaración responsable

Anexo II: memoria actividade

Anexo III: memoria económica

Todas as solicitudes deberán achegarse antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2. Varias actividades: Poderá solicitarse subvención para unha ou varias actividades que cumpran os requisitos establecidos nestas bases. Debe presentarse solicitude e anexos para cada unha delas; se ben soamente cunha destas solicitudes terá que achegarse a documentación indicada na base 8ª.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), no Servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e Servizo da Área de Cultura, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

Base 8ª.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE.

1.- Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a.- CIF da entidade e NIF do/a seu representante legal.

b.- Acreditación da capacidade legal da persoa representante da entidade.

c.- Escritura de constitución e/ou dos estatutos sociais debidamente inscritos no rexistro público correspondente, ou acreditación de estar legalmente constituídas.

d.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles/as solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.

S.ord. 13//10/2025

2.- No suposto de que o/a solicitante achegase anteriormente esta documentación, ou parte dela, ante calquera Administración pública, poderá acollerse ao establecido no artigo 28.3 da LPAC, sempre que se faga constar o momento e o órgano ou dependencia no que foi presentada.

3.- De acordo co establecido neste mesmo precepto da LPACAP, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á/ ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Base 9ª. - CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Criterio 1: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: ata 15 puntos.

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custo da actividade proposta segundo consta no orzamento achegado na memoria económica (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto ao orzamento total				
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%
15 puntos	12 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Criterio 2: Traxectoria da entidade solicitante: ata 25 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración responsábel (anexo I) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade			
De 0 a 8 anos	Máis de 8 a 12 anos	Máis de 12 a 15 anos	Máis de 15 anos
10 puntos	15 puntos	20 puntos	25 puntos

Criterio 3: Volume de gastos da actividade proposta: até 40 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica achegada (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Volume de gastos da actividade proposta				
De 1 a 9.000 euros	De 9.001 a 15.000 euros	De 15.001 a 20.000 euros	De 20.001 a 30.000 euros	Máis de 30.000 euros
10 puntos	15 puntos	25 puntos	30 puntos	40 puntos

Criterio 4: Prezo da entrada: até 20 puntos.



Concello de Vigo

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe do prezo de venda de entradas para as actividades, segundo o indicado pola entidade no anexo II, e segundo a seguinte táboa de puntuación (de haber máis dun prezo, collerase como referencia o de menor importe):

Prezo da entrada				
De 0 a 10 euros	Máis de 10 a 15 euros	Máis de 15 a 20 euros	Máis de 20 a 25 euros	Máis de 25 euros
20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos catro criterios son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes nos anexos das presentes bases.

A contía da subvención virá determinada polo produto do total dos puntos obtidos pola actividade proposta e o valor do punto. Este valor obterase mediante o cociente entre o importe destinado á presente convocatoria e o número total de puntos obtidos polos posibles beneficiarios.

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 50% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Base 10ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES.

Unha vez presentadas as solicitudes, desestimaranse directamente, aquelas que se encadren nalgún dos seguintes supostos:

- a).- Aquelas que, para a mesma finalidade, foron solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- b).- Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración co Concello de Vigo.
- c).- Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- d).- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- e).- Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- f).- Aquelas que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- g).- Aquelas que non presenten unha actividade específica.
- h).- Aquelas entidades que conforme cos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.
- i).- Aquelas que non sexan presentadas por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

Base 11ª.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo da Área de Cultura revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao servizo de cultura, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A preavaliación das solicitudes nos termos da Base 10ª así como a avaliación das solicitudes de subvención respecto de cada actividade, conforme aos criterios sinalados na Base 9ª, realizarase pola Comisión de Valoración; órgano colexiado constituído ao efecto e que estará formado polas seguintes persoas ou persoa en quen deleguen:

* Presidente: concelleiro-delegado de Cultura

* Vogais:

- Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural
- Xefe do servizo de Museos Municipais

* Secretaria: a Secretaria de Administración Municipal, con voz e sen voto.

5.- As solicitudes avaliaranse de conformidade á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes; deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6.- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o Xefe do servizo formulará proposta de resolución provisional, que será notificada aos interesados para os que se propoña unha subvención de importe superior a 30.000 €; requiríndoos para que no prazo



Concello de Vigo

de 10 días acrediten, nos termos do art.13.3.bis da LXS, o cumprimento dos prazos de pagamento que se establecen na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

7.- Con posterioridade o Xefe de servizo formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, núm. de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de nove meses contados a partir da publicación da convocatoria.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; renuncia que será aceptada de plano pola administración outorgante, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8.- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10.- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén

poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración outorgante, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, por proposta do órgano instructor.

Base 12ª.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Serán obrigas das entidades beneficiarias as sinaladas especificamente nos artigos 11 da LSG e 14 da LXS e as demais previstas na restante normativa aplicable.

As entidades beneficiarias deberán:

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención, incluído no seu caso todos os custos derivados da utilización das instalacións do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”.

d) A lingua empregada nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

e) Comprometerse á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento subvencionado. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

f) Cumprir coas obrigas fiscais, así como coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

g) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

h) Comunicarlle á Concellería-delegada de Cultura as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en



Concello de Vigo

todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación correspondente, ou ben para reducir o importe da subvención concedida ou solicitar o reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

i) A concesión da subvención á entidade implica a aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación co desenvolvemento do evento.

m) Dar cumprimento ao Plan de autoprotección do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, de acordo coas medidas de actuación en caso de emerxencia, así como ao cumprimento do establecido na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

n) Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

o) As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

Base 13ª.- PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Forma de presentación da documentación xustificativa: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Xa que logo, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula a presente convocatoria e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación nela admitido, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da lei xeral de subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación (para a xustificación) das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser realizados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). Para tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), e esixiráselle a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

2.- Prazo de xustificación: a data límite para presentar a documentación xustificativa será **o 12 de decembro do 2025**.

3.- Documentación para incluír na conta xustificativa:

- a) Solicitude de pagamento da subvención.
- b) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos.
- c) Memoria económica que contará co balance detallado da totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; Datos que han ser acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- d) Achegarase copia da folia de billeteira que reflicta a totalidade de billetes vendidos.
- e) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.
- f) As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas computarase o gasto acreditado coa dedución do IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, de seren persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- g) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- h) Nestas facturas computarase o gasto acreditado, coa dedución do IVE
- i) **Só se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)**

O medio admitido como xustificante de pagamento de facturas será o extracto bancario, e excepcionalmente o pago en efectivo **e ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento**, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo provedor, non aceptándose sen a sinatura do provedor.

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade indicada na solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do/da beneficiario/a. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Base 14ª .- OBRIGA DE INFORMACIÓN.



Concello de Vigo

A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo da Área de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 15ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- Revogación: Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o seu outorgamento. A variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2.- Nulidade: En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Reintegro: Procederá o reintegro, total ou parcial segundo corresponda, das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

4.- Infraccións e sancións: En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as e os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Base 16ª.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O persoal técnico do Servizo da Área de Cultura será o encargado do seguimento da execución da subvención. Tamén de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Base 17ª.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

1.- A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para tales efectos, deberá remitirse á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

2.- De acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, as bases, a convocatoria e a resolución do procedemento

será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

3.- Os e as beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

Base 18ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Base 19ª.- SOMETEMENTO Á PRESENTE CONVOCATORIA.

A presentación de solicitudes farase de acordo co establecido nas presentes bases. A participación suporá a aceptación íntegra dos seus requisitos.

As incidencias non consideradas expresamente na convocatoria serán resoltas polo órgano instrutor.

Base 20ª.- DISPOSICIÓN FINAL.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2024 E O 31 DE OUTUBRO DE 2025.

En virtude do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e ao amparo do recollido nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural do Concello de Vigo redactou a convocatoria, bases reguladoras e o extracto para a convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" en réxime de concorrência competitiva seguinte:

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo": de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS).

Asemade, a presente convocatoria ampárase no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014.

Segunda.- PARTIDA ECONÓMICA E CRÉDITOS

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

Terceira.- PROCEDEMENTO

O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrência competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19, puntos 1 e 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE SOLICITUDES

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO). Con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto, sen prexuízo da súa publicación na prensa local, e no taboleiro de anuncios municipal.

O prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da LPAC establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Quinta.- SOLICITANTES

Poderán solicitar subvención ao abeiro desta convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos da convocatoria.

Sexta.- LUGAR ONDE OBTENIR AS BASES REGULADORAS E FORMULARIOS.

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), Servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e Servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte ao da publicación no BOPPO, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Sétima.- ÁMBITO TEMPORAL E DE APLICACIÓN DAS ACTIVIDADES E GASTOS A SUBVENCIONAR

O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao abeiro da presente convocatoria será dende o 1 de novembro de 2024 ao 31 de outubro de 2025, ambos inclusive.

O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, espazo artístico e cultural proxectado como referente para a cidade. A Xunta de Goberno Local en sesión de data 21 de outubro de 2011 aprobou o Regulamento de funcionamento e uso do Auditorio, coa finalidade de acadar unha utilización racional e ordenada deste espazo, garantindo aos cidadáns o acceso ás instalacións en igualdade de condicións e coordinar a organización de actividades.

Oitava.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 50% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así



Concello de Vigo

mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Criterio 1: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: até 15 puntos.

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custo da actividade proposta segundo consta no orzamento achegado na memoria económica (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto ao orzamento total				
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%
15 puntos	12 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Criterio 2: Traxectoria da entidade solicitante: até 25 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración responsábel (anexo I) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade			
De 0 a 8 anos	Máis de 8 a 12 anos	Máis de 12 a 15 anos	Máis de 15 anos
10 puntos	15 puntos	20 puntos	25 puntos

Criterio 3: Volume de gastos da actividade proposta: até 40 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica achegada (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Volume de gastos da actividade proposta				
De 1 a 9.000 euros	De 9.001 a 15.000 euros	De 15.001 a 20.000 euros	De 20.001 a 30.000 euros	Máis de 30.000 euros
10 puntos	15 puntos	25 puntos	30 puntos	40 puntos

Criterio 4: Prezo da entrada: até 20 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe do prezo de venda de entradas para as actividades, segundo o indicado pola entidade no anexo II, e segundo a seguinte táboa de puntuación (de haber máis dun prezo, collerase como referencia o de menor importe):

Prezo da entrada				
De 0 a 10 euros	Máis de 10 a 15 euros	Máis de 15 a 20 euros	Máis de 20 a 25 euros	Máis de 25 euros
20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos catro criterios son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes nos anexos das presentes bases.

EXTRACTO PARA SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”, NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2024 E O 31 DE OUTUBRO DE 2025.

TÍTULO.

Extracto do acordo de data XX de XXXX de 2025 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto para subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, no período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, ambos inclusive, en réxime de concorrência competitiva.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b). e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (en diante, BDNS) (<https://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

Primeira.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán solicitar subvención, ao abeiro desta convocatoria, as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos recollidos na convocatoria e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, no período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, ambos inclusive.

Segunda.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrência competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”: de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS).

Asemade, a presente convocatoria ampárase no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión de 17 de xuño de 2014.



Concello de Vigo

Terceira.- BASES REGULADORAS

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO). Estarán a disposición das e dos interesados no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), no Servizo de Información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e Servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte da publicación no BOPPO.

Cuarta.- CONTÍA

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio. O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrncia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19, puntos 1 e 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e que será comunicado desde a BDNS que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

Sexta.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da LPAC, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web municipal (www.vigo.org).

18(762).- SUBVENCIÓN Á ENTIDADE “CULTURE LOVERS SC” PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL KEROVAC 2025. EXPTE. 6251/330.

Visto o informe xurídico de data 10/09/2025 e o informe de fiscalización do 24/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/09/2025 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro do Consulado Xeral de España en Nueva York e posteriormente remitido ao rexistro xeral do Concello de Vigo o día 3 de setembro do 2025, a sociedade civil "Culture Lovers S.C." presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da 15 Edición en Vigo do Festival Kerouac de poesía, música e performance; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente de subvención

correspondente polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.05 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A entidade "Culture Lovers SC" ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da poesía, e o que comezou como un pequeno festival dun día é agora unha empresa deinxenería poética en tres cidades e dous continentes que leva artistas e poetas dunha beira a outra do Océano Atlántico, con Vigo como eixo dun sono: baixar a poesía dos pedestais e levala as rúas, achegala a tódalas persoas para que poidan usala e disfrutala.

Neste sentido ten lugar en Vigo o Festival Kerouac de poesía, música e performance, que este ano 2025 acada a súa 15ª Edición

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O evento desenvólvese os días 15, 17 e 18 de outubro do 2025 en diferentes espazos da cidade

Programación:

Mércores 15 de outubro 2025. Auditorio do Concello de Vigo ás 19:30h

A apertura oficial desta XV edición terá lugar coa presentación do proxecto El Poeta vs La Máquina.

Autores: Marcos de la Fuente, Ismael Faro, Mariel Martínez e Vanesa Álvarez.

Mesa redonda sobre IA e creatividade.

Venres 17 de outubro 2025 Marquesiña de El Corte Inglés ás 19:30h

Unha xornada marcada pola diversidade de estilos e voces, coa participación de:

- Malvares: artista galego de rap que combina rima e compromiso social, cun estilo fresco e directo. Vocalista de Rebellion do Inframundo, unha das bandas punteras da escena galega, vira acompañado de varios invitados na presentación das súas novas cancións.

- Verdeoir: o novo proxecto da poeta e xornalista Noelia Gómez co músico Rui Granha, que mestura poesía e música de guitarra, explorando novas formas de oralidade poética. Noelia é autora do poemario Desenfoque (Apiario, 2024).

- Najla Shami: cantante e compositora galego-palestina que fusiona música tradicional, jazz e canción de autor. A súa voz é tamén unha ferramenta de activismo en defensa da paz e contra o xenocidio.

- Nueva Tragedia: novo proxecto musical liderado polo vigués e madrileño de adopción Miguel Marcos (Le Voyeur) xunto aos músicos Pablo Valero, Raquel Lamas, Jesús Arroyo e Pablo E. Fernández. A súa música combina rock e electrónica, cunhas letras que conectan a mitoloxía pop coa emoción contemporánea.

Sábado 18 de outubro 2025. Museo MARCO ás 19:30 horas



Concello de Vigo

- La Sole & El Hombre Viento: Presentan 3nigma, un traballo que fusiona underground, rap e electrónica con narrativas íntimas e coidadas, expandindo as fronteiras entre xéneros.
- Olalla Cociña: poeta galega recoñecida con premios como o Avelina Valladares (2004) e o Fiz Vergara Vilariño (2008). A súa obra explora a memoria, a experiencia feminina e a linguaxe poética como espazo de resistencia.
- Annalisa Marí Pegrum: a poeta e traductora presenta en primicia unha performance multisensorial que recupera a voz da poeta Beat Lenore Kandel e o espírito rebelde do seu mítico e prohibido durante moitos anos, o libro The Love Book, reivindicando a liberdade sexual e espiritual como forza transformadora e de ponderación da muller.
- Alberto Avendaño & Manolo Romón: presentan MOLOTOV, unha proposta híbrida de poesía e multimedia

A memoria económica que se achega, presentada pola EMPRESA, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.292 € (once mil setecentos cincuenta euros euros) , financiándose coas seguintes achegas:

Xunta de Galicia: 5445 €

El Corte Inglés: 847 €

Concello de Vigo: 5000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e designación de representante legal
- Memoria e orzamento da actividade
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade "Culture Lovers SC" para o desenvolvemento da 15 Edición do Festival Kerouac de Poesía, Música e Performance 2025, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á sociedade “Culture Lovers SC” para o desenvolvemento da 15 Edición do Festival Kerouac de Poesía, Música e Performance 2025, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade “Culture Lovers S.C” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á sociedade “Culture Lovers S.C” ten como obxecto financiar o desenvolvemento da 15 Edición do Festival Kerouac de Poesía, Música e Performance 2025 figurando na aplicación **3340.470.00.05** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á empresa “Culture Lovers SC” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN



Concello de Vigo

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 5.000 € (cinco mil euros) á entidade "Culture Lovers S.C.", CIF. J27830041, para o desenvolvemento da 15 Edición do Festival Kerouac de Poesía, Música e Perfromance 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.05 " Festival Kerouac, Culture Lovers SC" , que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexen a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :
 1. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 2. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 3. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
2. Actuarán como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Marcos de la Fuente Rodríguez , administrador solidario da sociedade civil
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou

efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará tanta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.
8. As entidades que non teñan a obriga de levar contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos a entidade interesada contratou unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención



Concello de Vigo

poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das **facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade e acreditar o pagamento efectivo dos gastos correspondentes**, ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

O medio admitido de xustificante de pagamento das facturas será o extracto bancario, e excepcionalmente o pago en efectivo e ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo proveedor, non aceptándose sen a sinatura do proveedor.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 11 de novembro do 2025
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- **So se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).**

Gastos subvencionables:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con**



Concello de Vigo

carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(763).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO, CORRECTIVO E REGULAMENTARIO DOS ELEVADORES E PORTAS CORREDOIRAS AUTOMÁTICAS DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 16365/331.

Visto o informe xurídico de data 23/09/2025 e o informe de fiscalización do 26/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/09/2025 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro



Concello de Vigo

delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 6 de xuño do 2025.
- Memoria económica asinada con data 19 de setembro do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificados de retención de crédito de data 30 de xullo do 2025 (operación RC-FUT 12025000094781).
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas asinado con data 7 de agosto do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado con data 8 de agosto do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa asinada con data 19 de setembro do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado con data 22 de setembro do 2025 pola xefa do servizo de Contratación.

- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado con data 22 de setembro do 2025 pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou con data 6 de xuño do 2025 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación, por procedemento aberto simplificado abreviado, dos servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario de aparellos elevadores e portas corredeiras automáticas en dependencias das Bibliotecas Públicas adscritas á Área de Cultura .

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP, consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinado polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola xefa do servizo de Contratación.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).



Concello de Vigo

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2.ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) (artigo 99.4 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto. Atendendo ao seu valor estimado procede o procedemento simplificado de tramitación abreviada prevista no artigo 159.6 da LCSP.
- Non se esixe acreditación de solvencia en aplicación do previsto no 159.6b) da LCSP.
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmula de valoración (artigo 146.2 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das

bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 30 de xullo do 2025. Trátase dun expediente de gasto anticipado.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar a contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, dos servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario de aparellos elevadores e portas corredeiras automáticas en dependencias das Bibliotecas Públicas adscritas á Área de Cultura

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, asinado con data 8 de agosto do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, asinado con data 22 de setembro do 2025 pola xefa do servizo de Contratación.



Concello de Vigo

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **12.591,67 €**, sendo o IVE a soportar pola administración 2.185,33 €, con cargo á aplicación 3321.227.99.06 “Mantemento de ascensores en Bibliotecas” do orzamento municipal, co seguinte desglose de anualidades:

2026 (abril-decembro)	2027(xaneiro-decembro)	2028 (xaneiro-marzo)
4.721,85 €	6.295,84 €	1.573,98 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(764).-PROPOSTA DE DOAZÓN AO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN DE ARMARIO DE CAOBA DO SÉCULO XIX QUE FOI PROPIEDAD DE MERCEDES VIRGÓS PÉREZ-FERREIRO. EXPTE. 7849/337.

Visto o informe xurídico do 23/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/09/2025, asinado polo director do Museo, o xefe do Servizo de Museos e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Conforme á Lei 7/21 de 17 de febreiro de museos e outros centros museísticos de Galicia, Título I, artigo 3. a., é función dos museos “**A adquisición**, conservación, documentación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións e dos seus fondos.”

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en virtude do decreto da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño do 2024 polo que se establece a estrutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027 e o decreto da alcaldía do 28 de xuño de 2024 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das Area de Goberno e concelleiros delegados, ten entre as súas competencias en materia de museos:

“1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais (...)

2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión (...)

7.—Aprobación de programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos..), como acordos de préstamo temporal de elementos das mesmas.”

Con data 31.08.25 Xabier Macías Virgós con dni ***243**J; i Enrique Macías Virgós con dni ***119**S, dirixen escrito ó Concelleiro delegado de Cultura; manifestando o seu desexo de doar á cidade de Vigo, con destino ó museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, un armario de caoba cubano do século XIX; e unha coqueta do século XX.

Declaran no seu escrito que os mobles son da súa exclusiva e lexítima propiedade; e que lle gustaría que a seguinte inscrición figurase na exposición dos mobles: "Doado polos fillos da súa propietaria Mercedes Virgós Pérez-Ferreiro."

Acompañan o seu escrito de declaración de herdeiros, con fotografías dos mobles ofertados.

I. Descrición dos obxectos ofertados en doazón

1. ARMARIO



Moble: Armario

Autor: Descoñecido

Dimensións: 298 cm (241 cm alto + 57 cm da moldura) x 173 cm ancho x 70 cm profundidade.



Concello de Vigo

Técnica: talla/ensamblado

Data: Século XIX

Procedencia: Cuba

Estado de conservación: excepcional

Magnífico armario con dúas portas e un caixón inferior en toda a súa anchura realizado en madeira de caoba de Cuba.

Para a parte superior dispón a peza de dous pináculos e unha moldura actualmente desmontados.

A decoración de talla é un traballo artístico moi notable e rexístrase principalmente nas partes inferior e superior do moble.

No corpo das patas dúas cabezas de home rematan as esquinas e de lado a lado unha exuberante grinalda de flores, froitos e vexetación.

A moldura superior está igualmente ricamente tallada con motivos vexetais que se entrelazan e decoran con palmetas, flores e froitos.

O interior e o chace do moble probablemente sexa de carballo europeo cun magnífico ensamblaxe. Dispón de tres estantes. O inferior é a parte superior de tres caixóns colocados horizontalmente.



2. COQUETA



Autor: Descoñecido

Data: Século XX. 1º terzo.

Procedencia: España

Técnica: talla/ensamblado

Estado de conservación: Presenta danos en dúas patas que precisan de restauración.

Tratase dunha coqueta sinxela de madeira tallada e encimera de mármore vermello. O corpo principal está sostido por patas de formas curvas e formado por tres caixóns con tiradores en bronce dorado estilo imperio. Probablemente corresponda ó primeiro terzo do XX. A decoración tallada é convencional e consiste en volutas en torno ó espello.

II. Interese histórico-artístico do mobiliario ofertado

O museo “Quiñones de León” dispón dunha valiosa colección de mobiliario artístico con pezas senlleiras dos séculos XVIII, XIX e XX.

Proveñen fundamentalmente do Legado Policarpo Sanz; tamén de adquisición e algunhas interesantes doazóns, destacando moi especialmente as obras dos ebanistas galegos Xosé Liste e Maximino Magariños da primeira metade do século XX.

Esta colección recolle mobiliario de diferente tipoloxía como mesas, espellos, cadeiras, arcóns, secretares, etc... e empregase para a ambientación das estancias do Pazo de Castrelos.



Concello de Vigo

Con todo na colección municipal non atopamos ningún exemplo de armario de maneira que coa oferta de doazón bríndase ó concello a oportunidade de facerse cun magnífico expoñente da tipoloxía polas súas dimensións, as súa rica decoración tallada e o seu magnífico estado de conservación. Peza menor é sen embargo a coqueta. Con todo considerase de interese a súa incorporación á colección dado que tampouco o museo dispón desta tipoloxía de mobiliario adecuada co armario para recreación de alcobas.

Polo tanto considerase plenamente xustificado o interese público e a conveniencia de aceptar a doazón dos mobles ofertados en beneficio do Concello de Vigo e con destino ao Museo Municipal "Quiñones de León".

III. Valoración económica do conxunto ofertado e outras consideracións

O valor económico do conxunto é de 6.500 euros.

Resultado da suma dos seus valores individuais:

1. Armario cubano de caoba. 6.000 €
2. Coqueta. 500 €

O armario presenta un excepcional estado de conservación.

A coqueta precisa da restauración de dúas das patas danadas.

No seu escrito os doantes expoñen que agradecerían que na ubicación do armario e, xunto a información técnica que o Museo considere, figure unha referencia a súa orixe co seguinte texto: "Dado polos fillos da súa propietaria Mercedes Virgós Pérez-Ferreiro".

Visto todo o cal; coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos; Concelleiro Delegado de Cultura; Concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

"Aceptar a doazón dun conxunto de mobiliario consistente en armario cubano do século XIX e coqueta do século XX; ofertados por Xabier Macías Virgós con dni ***243**J; i Enrique Macías Virgós con dni ***119**S; para o seu ingreso na colección de artes decorativas do Museo Municipal "Quiñones de León"; tendo en consideración a inclusión de lema "Dado polos fillos da súa propietaria Mercedes Virgós Pérez-Ferreiro" na exhibición do mobiliario sempre que sexa posible; procedendo á modificación do Inventario Municipal nos termos sinalados no artigo 22 do RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico e á modificación do inventario do museo conforme o disposto no artigo 115.1 da LPCG."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(765).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez